CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 57213 (10/PRE-017831)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a información e a valoración do Goberno galego respecto das obras levadas cabo no santuario da Virxe do Faro, no concello de Chantada, así como a figura de protección que posúe

- 57229 (10/PRE-017832)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa

- 57234 (10/PRE-017833)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Consellería do Medio Rural para combater a praga da couza guatemalteca da pataca

- 57239 (10/PRE-017834)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á construción, durante a décima lexislatura, dun novo centro de saúde no concello da Rúa e, se é o caso, o investimento que vai realizar, así como a súa información respecto das intencións do actual Goberno municipal en relación coa cesión de terreos para ese fin

- 57249 (10/PRE-017835)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa violencia sexual

- 57254 (10/PRE-017836)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa igualdade e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos

- 57256 (10/PRE-017837)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego referida á xestión desenvolvida en relación coa situación da planta de Isowat na Coruña, as actuacións levadas a cabo e previstas para interceder a favor dunha saída positiva para a empresa, en particular, con Abanca, e a avaliación que fai da situación do sector industrial na cidade e na comarca, así como do papel desenvolvido polo Instituto Galego de Promoción Económica

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 57261 (10/PRE-017838)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo

- 57319 (10/PRE-017839)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta Galicia, no que atinxe a industria e outros aspectos económicos, en relación con realidades veciñas como a portuguesa, as razóns da diverxencia que rexistra dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a súa opinión referida aos resultados da súa política económica e industrial para frear a deslocalización de empresas cara a ese país

- 57333 (10/PRE-017840)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación dos centros de atención primaria de Fene e Maniños, a suficiencia da súa dotación de facultativos e da atención pediátrica que se está a prestar no de Fene e mais as súas previsións respecto da cobertura das baixas e das vacacións neles para garantir a calidade asistencial

- 57363 (10/PRE-017841)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as tarefas escolares nas que se vai empregar o software privativo de Microsoft adquirido pola Xunta de Galicia, e as súas previsións respecto do impulso do uso polo alumnado do software libre en todas as circunstancias posibles, así como a atención das demandas das empresas e asociacións galegas que o defenden

- 57374 (10/PRE-017842)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a elaboración por Augas de Galicia dalgunha planificación a curto e medio prazo de obras hidráulicas relacionadas co ciclo da auga, se é o caso, os criterios seguidos para ese fin e a opinión da Xunta de Galicia respecto da dotación que presenta o capítulo VI dos orzamentos do ente público, así como do nivel de execución que rexistra nos anos 2016, 2017 e 2018

- 57379 (10/PRE-017843)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos datos reflectidos no informe presentado polo Observatorio da Cultura Galega en relación coa situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas de Galicia, as actuacións que vai levar a cabo e as medidas previstas ao respecto

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 57387 (10/PRE-017844)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca
Sobre a xestión da Consellería de Cultura e Turismo en relación coa elaboración dunha obra compilatoria da Domus Iacobi

- 57394 (10/PRE-017845)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación a unha empresa do servizo de catering dos comedores escolares dos IES Julio Prieto Nespereira e Ferro Couselo, de Ourense, e San Mamede, de Maceda, a realización dalgunha avaliación ao respecto e as supostas deficiencias existentes na prestación do servizo

- 57413 (10/PRE-017846)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da rede galega de atención temperá e, en concreto, na provincia de Lugo, en especial na unidade do Hospital Universitario Lucus Augusti, así como as medidas previstas ao respecto

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 22 de outubro de 2019, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 22 de outubro de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de outubro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección de dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. núm. 55555)

Punto 2. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2018 (doc. núm. 56746, 10/IVAL000003)

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 3. Textos lexislativos

3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 522, do 30.08.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 537, do 26.09.2019

3.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 40064, 10/PPLI-000004)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 405, do 03.01.2019

3.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia (doc. núm. 50476, 10/PPL-000041)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 482, do 04.06.2019

3.4 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (doc. núm. 52134, 10/PPLR-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 26.07.2019

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 533, do 18.09.2019

Punto 4. Comparecencia

57553 (10/CPP-000111)

Da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar do inicio do curso 2019-2020 no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

Punto 5. Mocións

5.1 57470 (10/MOC-000158)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 52893, publicada no BOPG nº 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

5.2 57471 (10/MOC-000159)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 52802, publicada no BOPG nº 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5.3 57484 (10/MOC-000160)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 52785, publicada no BOPG nº 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

5.4 57485 (10/MOC-000161)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 49605, publicada no BOPG nº 476, do 14.05.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 31104 (10/PNP-002308)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Lago Peñas, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

6.2 46906 (10/PNP-003523)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.3 53890 (10/PNP-003992)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe
Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

6.4 54399 (10/PNP-004024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade fi-

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nanceira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

6.5 56424 (10/PNP-004169)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

6.6 56842 (10/PNP-004199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis
Sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de contingencia para o Brexit nos ámbitos da súa competencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.7 56882 (10/PNP-004202)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a descontinuidade da produción na central térmica das Pontes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.8 56912 (10/PNP-004205)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emergencia cinexética respecto do xabaril, anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.9 57089 (10/PNP-004219)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 544, do 09.10.2019

Punto 7. Interpelacións

7.1 55463 (10/INT-001860)
Grupo Parlamentario Mixto

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

7.2 56887 (10/INT-001915)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise climática
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.3 56972 (10/INT-001923)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co déficit de socorristas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

8.1 57563 (10/POPX-000167)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os graves problemas que afronta Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

8.2 57583 (10/POPX-000168)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a rectificación dos recortes e privatizacións que están a afectar a vida e a saúde das persoas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

8.3 57584 (10/POPX-000169)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poder situarse na centralidade política á que fai referencia nos seus discursos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 57571 (10/PUP-000272)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da negativa do Goberno central a transferir a totalidade dos 700 millón de euros que adebeda a Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

9.2 57547 (10/PUP-000270)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Jove González, Xan Xosé
Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na resolución dos expedientes para a declaración como espazo natural de interese local as illas de San Pedro e o contorno da Torre de Hércules
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

9.3 54848 (10/PUP-000262)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao
Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

9.4 55814 (10/POP-006616)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da venda da sociedade Ferroatlántica SAU
Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

9.5 56723 (10/PUP-000267)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

9.6 56927 (10/POP-006742)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das súas actuacións respecto da crise xerada nas Pontes polo anuncio de peche anticipado da central térmica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

9.7 57550 (10/PUP-000271)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do estaleiro Barreras de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

9.8 54101 (10/POP-006430)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

9.9 56758 (10/POP-006721)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis
Sobre a oferta de prazas MIR para o ano 2020 en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

9.10 52278 (10/POP-006098)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula e Solla Fernández, Eva
Sobre as previsións do Goberno galego respecto das ratios de persoal existentes nas residencias de persoas maiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 509, do 22.07.2019

9.11 56000 (10/POP-006633)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e tres deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para mellorar as cotas de participación feminina nas organizacións agrarias e gandeiras
Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 532, do 17 de setembro, referida á Resolución do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)

Advertido un erro na devandita publicación, cómpre a súa corrección no seguinte sentido:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No ANEXO A), relación definitiva de persoas admitidas, onde di:

342	MARTÍNEZ JUAN	MARÍA CELIA	**1587**

Debe dicir:

342	MARTÍNEZ JUAN	MARÍA CECILIA	**1587**

Esta corrección de erros non implica a apertura dun novo prazo para a alegación ou emenda de documentación das persoas incluídas no apartado B) do anexo da Resolución, referida á «RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN».

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 11:25:08
Nº Rexistro: 57343
Data envio: 10/10/2019 11:25:08.287

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de bebidas azucradas.**

Antecedentes.

A Lei 21/2001, do 27 de decembro, reguladora das medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Como punto culminante dun longo proceso no que houbo un intenso debate entre o Estado e as comunidades autónomas e as cidades con Estatuto de autonomía, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, na súa reunión do 15 de xullo de 200, adoptou, a proposta do Goberno da nación, o Acordo 6/2009, para a reforma do Sistema de Financiamento Autónomo e as Cidades con Estatuto de Autonomía cuxa aplicación require unha serie de reformas legais. Esta lei realiza reformas que non requiren o rango de Lei orgánica, complementando así a reforma da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas pola Lei orgánica 3/2009.

Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de impostos cedidos polo Estado

Da lei 17/2010, do 16 de xullo, o contido da sección primeira da disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía de Galicia adaptouse ao novo

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 11:25:08
Nº Rexistro: 57343
Data envio: 10/10/2019 11:25:08.287

réxime de asignación de impostos previsto na lei 22/2009, do 18 de decembro e, así mesmo, para regular o réxime específico da devandita cesión á Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se determinen o alcance e as condicións da cesión a esta comunidade autónoma e se atribúa a facultade de ditar por si mesma. Normas lexislativas nos casos e condicións previstos na Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Exposición de motivos.

Os impostos teñen susténtanse principalmente en dous piares. O primeiro deles é o de dotar ás diferentes administracións públicas dos ingresos necesarios para poder desenvolver a súa actividade e proporcionar os servizos acaídos. Por outra banda, os impostos poden ser empregados para fomentar ou penalizar determinadas actividades económicas, así como tamén, determinados hábitos socias.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) nas últimas décadas produciuse un incremento substancial dos casos de sobrepeso ou obesidade. Deste xeito, agárdase que oito de cada 10 homes e o 55% das mulleres terán sobrepeso ou obesidade no ano 2030.

Unha das causas de aumento de sobrepeso e obesidade está relacionada coa inxesta de bebidas azucradas, é dicir, principalmente daquelas bebidas coñecidas como “refrescos”. A OMS recomenda que o consumo de azucre non exceda o 10% de todas as calorías que debemos inxerir ao día, o que nunha dieta media implica 50gr diarios. Unha lata de refresco, supón practicamente igualar a cantidade de azucre que precisamos nun día.

Ante este panorama, diferentes informes científicos, como é o caso do elaborado pola Sociedade Española de Medicina de Familia y Comunitaria, veñen de indicar a necesidade de reducir a consumo de azucres e sinala que sería preciso introducir algún elemento impositivo que faga reducir o consumo daqueles

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

produtos que fan sobrepasar considerablemente a porcentaxe de azucres establecido pola OMS; refrescos e bebidas enerxéticas.

Resulta importante indicar, que os impostos sobre o azucre gañaron terreo en pouco tempo como instrumentos ao servizo da política fiscal en varios países da Unión Europea. Algúns países (Bélxica, Letonia e Noruega) elixiron só gravar unicamente o volume da bebida independentemente da cantidade de azucre, mentres que o resto (Estonia, Francia, Hungría, Irlanda, Portugal e Reino Unido) teñen en conta a relación entre ambas magnitudes.

O estudo elaborado pola Universidade Pompeu Fabra sobre o impacto que tivo o imposto sobre bebidas azucradas que foi establecido na Comunidade Autónoma de Cataluña, indica que o consumo destas reduciuse nun 15,4%, cunha inxestión de 107 calorías menos por persoa e semana.

Finalmente, aínda que o obxectivo principal deste imposto é a de reducir o consumo daquelas bebidas que conteñen un alto contido de azucres, tamén se pretende, como obxectivo secundario, aumentar o nivel de ingresos públicos da administración autonómica galega, axudando deste xeito a paliar a insuficiencia de recursos que dende o comezo da crise sufre esta.

Concluíndo pois, o imposto sobre as bebidas azucradas viría a tratar de acadar dous obxectivos fundamentais. O primeiro é o de desincentivar e penalizar o consumo daquelas bebidas que poidan ser prexudiciais para a saúde, especialmente daquela xente máis moza. O segundo estaría relacionado coa política de ingresos fiscais propios da Comunidade Autónoma galega e o incremento destes.

O imposto sobre as bebidas azucradas envasadas cumpre a recomendación da Organización Mundial da Saúde, incluída nun informe do 11 de outubro de 2016, que urxe aprobar e promover medidas fiscais que imputen as bebidas azucradas co obxectivo de reducir problemas como a obesidade e certos tipos de diabetes.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 11:25:08
Nº Rexistro: 57343
Data envio: 10/10/2019 11:25:08.287

O imposto que agora se crea pretende, polo tanto, tributar o consumo de bebidas azucradas envasadas polos efectos que ten sobre a saúde da poboación.

Articulado.

Artigo 1. Finalidade e alcance

1. O presente capítulo ten como finalidade a creación, como tributo da Xunta de Galicia, do imposto sobre bebidas azucradas envasadas definido polo artigo 4.

2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é obrigatorio en todo o territorio de Galicia.

Artigo 2. Finalidade do imposto

O obxectivo deste imposto é tributar o consumo de bebidas azucradas envasadas debido aos efectos que teñen sobre a saúde da poboación.

Artigo 3. Compatibilidade con outros impostos

O imposto sobre as bebidas azucradas envasadas é compatible con outros impostos.

Artigo 4. Feito impoñible

1. O feito impoñible constitúe a adquisición de bebidas azucradas envasadas, gratuítas ou onerosas, por parte do contribuínte definido polo artigo 5, debido aos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.

2. Trátase de bebidas azucradas que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de arce, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.

3. Están suxeitos ao imposto os seguintes tipos de bebidas azucradas:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Refrescos ou refrescos: bebidas non alcohólicas de diferentes sabores, con ou sen gas, preparadas e vendidas comercialmente en botellas ou latas, así como as subministradas ao consumidor a través dun dispensador.

b) Bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.

c) Bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar aos atletas na rehidratación, así como na substitución de electrólitos, azucre e outros nutrientes.

d) Bebidas de té e café.

e) Bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes de herbas.

f) Leite edulcorado, bebidas alternativas de leite, batidos e leite con zume de froita.

g) Bebidas vexetais.

h) Augas con sabores.

4. Non están suxeitas ao imposto as bebidas elaboradas con zumes naturais de froitas ou vexetais, concentradas ou reconstituídas, ou a súa combinación, ou o leite ou alternativas de leite, que non conteñan edulcorantes engadidos. Tamén están excluídos os iogures, o leite bebible fermentado, os produtos médicos e as bebidas alcohólicas.

Artigo 5. Contribuínte

1. A persoa física ou xurídica que subministre á consumidora final do produto a bebida azucrada envasada é unha persoa impoñible.

2. O contribuínte está obrigado a pasar o imposto ao consumidor final sobre a bebida.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Como persoa impoñible, e salvo o caso establecido no artigo 6, é obriga do contribuínte cumprir a obriga tributaria principal e as obrigas formais inherentes a ela, nos termos establecidos regulamentariamente.

Artigo 6. Suplente do contribuínte

1. O distribuidor residente no territorio español que subministra bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon a disposición do consumidor é unha persoa impoñible como substituto do contribuínte.

Se a persoa que subministra as bebidas e o establecemento que as pon a disposición do consumidor é a mesma persoa, entenderase que a súa relación coa Administración tributaria é como contribuínte e non como substituto do contribuínte, e o establecido na sección 3 do artigo 5.

2. As obrigas formais que debe cumprir o substituto do contribuínte deberán establecerse regulamentariamente.

Artigo 7. Base impoñible

A cantidade impoñible é a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

Artigo 8. Tipo de fianza

O tipo de dereito fiscal é o seguinte:

a) 0,08 euros por litro para bebidas cun contido en azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido en azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 11:25:08
Nº Rexistro: 57343
Data envio: 10/10/2019 11:25:08.287

No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida en función da súa composición unha vez reconstituída e preparada para o seu consumo.

Artigo 9. O deveño.

1. O imposto é devindicado no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do imposto, polo contribuínte ao distribuidor.

2. No caso a que se refire o artigo 6, apartado 1, segundo parágrafo, o imposto é devindicado no momento no que o contribuínte pon a bebida dispoñible para o seu consumo.

Artigo 10. Autoliquidación

1. O substituto do contribuínte ou, de ser o caso, o contribuínte, está obrigado a presentar a autoliquidación tributaria e facer os ingresos correspondentes no prazo que sexa establecido no regulamento

2. O modelo de autoliquidación deberá aprobarse por orde do conselleiro da consellería competente en materia tributaria.

Artigo 11. Xestión, recollida e inspección.

A xestión, recadación e inspección do imposto corresponden á Axencia Tributaria de Galicia, de acordo co establecido na Lei 7/2007, do 17 de xullo, da Axencia Tributaria de Cataluña, sen prexuízo da colaboración cos organismos de inspección sectorialmente competente.

Artigo 12. Infraccións e sancións.

O réxime de infraccións e sancións en relación co imposto sobre bebidas azucradas envasadas é o vixente para os impostos da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 11:25:08
Nº Rexistro: 57343
Data envio: 10/10/2019 11:25:08.287

Artigo 13. Recursos e reclamacións.

Os actos de xestión, inspección e recadación emitidos na área do imposto sobre bebidas azucradas envasadas poden estar suxeitos a reclamación económico-administrativa ante a Xunta de Finanzas, sen prexuízo da anterior interposición, con carácter facultativo, do recurso de reposición. ante o órgano que ditou o acto impugnado.

Artigo 14. Datos estatísticos.

De acordo co artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos persoais, os datos obtidos na aplicación do imposto sobre bebidas azucradas envasadas poderán ser transferidos pola Axencia Tributaria galega ao organismo da Xunta de Galicia responsable da saúde pública.

Artigo 15. Desenvolvemento e aplicación do imposto

1. Mediante a lei de orzamentos da Xunta pódense modificar os elementos de cuantificación do imposto.
2. Na aplicación do imposto, a lexislación tributaria xeral aplicable en Cataluña e as normas complementarias que o desenvolven son complementarias.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 11:25:08
Nº Rexistro: 57343
Data envio: 10/10/2019 11:25:08.287

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/10/2019 11:22:48

Paula Vázquez Verao na data 10/10/2019 11:23:01

David Rodríguez Estévez na data 10/10/2019 11:23:20

Francisco Casal Vidal na data 10/10/2019 11:23:28

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei Orgánica 10/95 de 23 de novembro, do Código Penal, de despenalización da Eutanasia e axuda ao suicidio.**

ANTECEDENTES:

.- A CE establece no seu artigo 1.1 que *España se constitúe nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.* Regula, posteriormente, no seu Título I. Dos dereitos e deberes fundamentais, no artigo 10:

> *1.* A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social. 2.As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.
>
> *2.* As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade coa

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

.- *O Código Penal actual regula dentro do libro II Dos delitos e das súas penas, no seu Título I Do homicidio e as súas formas, no seu Artículo 143 os seguintes supostos:*

1. O que induza ao suicidio doutro será castigado coa pena de prisión de catro a oito anos.

2 .Impoñerase a pena de prisión de dous a cinco anos ao que coopere con actos necesarios ao suicidio dunha persoa.

3. Será castigado coa pena de prisión de seis a dez anos se a cooperación chegase ata o punto de executar a morte.

4. O que causar ou cooperar activamente con actos necesarios e directos á morte doutro, pola petición expresa, seria e inequívoca deste, no caso de que a vítima sufrise unha enfermidade grave que conduciría necesariamente á súa morte, ou que producise graves padecementos permanentes e difíciles de soportar, será castigado coa pena inferior nun ou dous graos ás sinaladas nos números 2 e 3 deste artigo.

.- A Lei Xeral de Sanidade, L. 14/1986 de 25 de abril, regulou por primeira vez os dereitos dos pacientes.

.- A anterior Lei antecedeu e serve de inspiración aos principios do Convenio de Oviedo, Convenio Europeo para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicación da bioloxía e a medicina. Convenio tamén coñecido como Convenio sobre os

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dereitos do home e a biomedicina, subscrito o día 4 de abril de 1997, con entrada en vigor en España o 1 de xaneiro de 2000.

.- A Lei 41/2002, do 14 de novembro, Básica Reguladora da Autonomía do Paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica dispón que «todo paciente ou usuario ten dereito a negarse ao tratamento». Salvo cando, non sendo posible conseguir a autorización, hai risco para a saúde pública ou «risco inmediato grave para a integridade física ou psíquica do enfermo e non é posible conseguir a súa autorización, consultando, cando as circunstancias o permitan, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el».

.- A lei 16/2003 de cohesión e calidade no sistema nacional de saúde, regula a atención ao paciente terminal como prestación básica da atención primaria.

.- En Galicia a denominada morte digna, regúlase na Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. «DOG» núm. 133, de 16 de xullo de 2015 «BOE» núm. 228, de 23 de setembro de 2015.

.- O Grupo de Estudios de Política Criminal xa no ano 1991 emitiu un manifesto a favor da dispoñibilidade da propia vida e no ano 1992 unha proposta alternativa de tratamento xurídico das conductas de terceiros relativas á dispoñibilidade da propia vida, que no 2014 e posteriormente no 2016 revisaron e actualizaron dentro dos traballos realizados polos 25 anos de traballo do grupo.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"Hoxe, cansado da desidia institucional, véxome obrigado a morrer ás agachadas, como un criminal. O proceso que conducirá á miña morte foi escrupulosamente dividido en pequenas accións que non constitúen ningún delito en si mesmas e que foron levadas a cabo por diferentes mans amigas. Se aínda así, o estado insiste en castigar aos meus cooperadores, eu aconséllolles que lles sexan cortadas as mans, porque iso é o único que achegaron". "Como poden ver, ao meu lado teño un vaso de auga que contén unha dose de cianuro potásico. Cando o beba, deixarei de existir, renunciando ao meu ben máis prezado: o meu corpo". Ramón Sampedro.

O caso de Ramón Sampedro foi un revulsivo nesta materia; houbo un antes e un despois a raíz do mesmo. Tetrapléxico tras sufrir un accidente no ano 1968, puxo fin á súa vida o 12 de xaneiro de 1998 logo dun longo periplo xudicial na procura dunha morte digna. Como binomio irrenunciábel de calquera sociedade democrática plural, a idea da interrelación da dignidade e a liberdade como fundamentais na procura da morte digna -máis aló do concepto de morte sen dor- instalouse con máis forza no imaxinario colectivo e provocou un gran e aberto debate social, provocado en gran medida polas verbas de Ramón Sampedro.

Sacudiu conciencias e afondouse na idea de avanzar cara unha ética dos coidados regulada, co obxectivo da modificación da lexislación vixente que segundo os expertos deixa desprotexidas ás persoas en peor situación, tal e como amosa o esmerado labor de colectivos como a Asociación Derecho a Morir Dignamente. O caso de María José Carrasco, recentemente, reabriu a necesidade de que o lexislador revise as disposicións normativas referidas a esta materia para evitar as lamentables imaxes como as da detención e posta a disposición xudicial

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do seu marido. Faise necesario, por ilo, atallar a despenalización da eutanasia e da axuda ao suicidio en primeiro lugar, por imperativo dunha interpretación constitucional dos dereitos fundamentais baixo o tipo reitor obxectivado no art. 10 do Texto da Carta Magna.

Con todo, hoxe en día, Ramón Sampedro atoparíase coa mesma situación á que se enfrontou en 1998. El e o seu entorno. As súas verbas cobran mesmo máis forza. Ningún argumento pode superar ese relato en primeira persoa para xustificar a necesidade desta proposición de lei de modificación do CP no que á eutanasia e ao suicidio asistido se refire, pondo en relación a dignidade e liberdade da persoa -que son obxecto de protección constitucional- ao referirse aos dereitos fundamentais das persoas *(Qué hacemos para conseguir que la lucha por una vida digna incluya la exigencia de una muerte digna, AKAL. Luís Montes, Fernando Marín, Fernando Pedrós, Fernando Soler).*

Así, xa no ano 1991 o Grupo de Estudios de Política Criminal fixo público un manifesto a favor da dispoñibilidade da propia vida. Buscaba, en palabras da catedrática María Luísa Cuerda Arnau, o recoñecemento da dignidade da persoa e do libre desenrolo da personalidade.

Era firmado por máis dun centenar de catedráticos, profesores titulares, xuíces e fiscais. En esencia, matizaba Cuerda, *o que entón defendemos era a imperiosa necesidade de axustar neste punto a lexislación penal ao recoñecemento constitucional da dignidade da persoa e o libre desenvolvemento da personalidade (art. 10 CE) como característica inherente ao Estado democrático. Como alí se dicía, os dereitos fundamentais da persoa proclamados na Constitución (CE) deben ser interpretados de maneira integradora e non contraditoria co disposto no*

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

artigo 10 da CE, que ha de ser considerado como tipo reitor da interpretación constitucional dos dereitos fundamentais. A vida, que dúbida cabe, é un ben digno de protección penal. Con todo, diso non se deriva a posibilidade de entender o dereito á vida como unha sorte de deber que se impón ao cidadán anulando a liberdade e dignidade inescindible da súa condición de persoa.

A pregunta que se plantexa é se está xustificado o castigo daqueles que interveñen na morte de quen de xeito libre e responsable decide por fin á súa vida. Rexía naquela época, segue indicando Cuerda, *un Código penal (CP) que, na súa estrutura básica, era herdanza dun réxime autoritario e que ofrecía unha regulación (art. 409) profundamente insatisfactoria que conducía a sancionar calquera tipo de intervención na morte querida dun ser capaz e responsable. (...) Fronte a ese estado de cousas, o GEPC quixo poñer de relevo a iniquidade de sancionar determinadas condutas, que unha correcta interpretación do texto constitucional impedía castigar; a saber:*

A conduta do médico que interrompe ou deixa de aplicar procedementos terapéuticos tendentes a atrasar arbitrariamente o momento da morte prolongando artificialmente a agonía respecto dunha persoa carente de perspectivas de curación ou mellora.

1. *A conduta do médico que interrompe ou deixa de aplicar procedementos terapéuticos tendentes a atrasar arbitrariamente o momento da morte prolongando artificialmente a agonía respecto dunha persoa carente de perspectivas de curación ou mellora.*

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

2. *A actividade médica que aplica procedementos analxésicos ou paliativos que puidesen producir o efecto dun acortamento da vida nun enfermo con prognóstico terminal.*

3. *A provocación da morte a petición, expresa e seria do afectado para poñer fin a unha situación de sufrimento ou dor, grave e irreversible que non poida ser suprimida por medios distintos.*

A propia autora remata indicando que namentres o lexislador non dea ese paso adiante no recoñecemento do dereito á dispoñibilidade da propia vida e, polo tanto, ao dereito a unha morte digna, seguiremos asistindo a un insuficiente desenvolvemento constitucional dun dereito fundamental e, ao mesmo tempo, a un desaxuste entre o que defende maioritariamente a sociedade española e o que di a lei. A recente retirada do proxecto de reforma da popularmente coñecida como lei do aborto e as súas consecuencias políticas son un inmellorable exemplo do poder que nunha democracia ten a voz da cidadanía.

*(*http://repositori.uji.es/xmlui/bitstream/handle/10234/131967/66454.pdf?*)*.

Cos diferentes avances lexislativos e co novo CP de 1995, o GEPC xa no 2014 e posteriormente no 2016 revisou a súa postura, acabando por afirmar que debía modificarse o art. 143 do CP no senso de dispor no seu punto 4:

"4.- Non será punible nin a colaboración (en) nin a produción da morte doutro por parte dun médico ou de calquera outra persoa baixo a súa dirección, se media a solicitude expresa, libre e seria dunha persoa que teña capacidade natural de xuízo, sempre que esta padeza graves

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

sufrimentos non evitables que se deriven dunha afección incurable que lle conducirá proximamente á morte ou que, sendo permanente, incapacítalle de maneira xeneralizada para valerse por si mesma. No seu caso, entenderase por solicitude expresa, libre e seria a manifestada nun documento de instrucións previas ou de vontades anticipadas".

Igualmente propoñen suprimir o .2 do art. 143 do CP, sendo impune a cooperación ao suicido, tanto a necesaria como a mera complicidade.

O obxecto da presente proposición de lei é a modificación do artigo 143 do Código Penal, dacordo cunha interpretación integradora dos dereitos fundamentais tendo como tipo reitor o artigo 10 da CE á hora de valorar como obxecto de protección a vida digna.

Dende o punto de vista xurídico, a eutanasia é o *comportamento que, de acordo coa vontade ou interese doutra persoa que padece unha lesión ou enfermidade incurable, xeralmente mortal, que lle causa graves sufrimentos e afecta considerablemente á súa calidade de vida, dá lugar á produción, anticipación ou non aprazamento da vida do afectado. Na eutanasia prodúcese un grave conflito individual da persoa que sofre unha enfermidade incurable e con graves padecementos que quere morrer e a asistencia dun terceiro que por móbiles de piedade que coa súa intervención propicia a anticipación da morte (Díaz Ripollés).*

O artigo 143 do CP ten como o obxecto xurídico protexido a vida; pero sen desentenderse dos valores da dignidade e da liberdade nesa protección. E, porén, tamén debe valorarse a procura dunha morte digna.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envio: 09/10/2019 18:14:36.754

Trátase da protección da adopción en liberdade daquelas decisións que poñan en valor a propia vida e a dispoñibilidade desta. Falan as expertas da aspiración de morrer dunha forma coherente coa biografía de cada individuo como unha cuestión persoal, complexa como a propia vida e, íntima.

Distintos avances lexislativos abren novas ventás de oportunidade para coa despenalización da eutanasia e do suicidio asistido, como é o recoñecemento do dereito á autodeterminación do paciente fronte ao propio médico. Transítase o camiño cara a ética dos coidados no que os valores prevalecen sobre os meros datos ao final da vida.

Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 10:20:25
Nº Rexistro: 57109
Data envio: 08/10/2019 10:20:25.593

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

E as cifras son moi alarmantes posto que son preto de 205.000 persoas en Galicia, o 7,6 % da poboación galega, quen reside nunha vivenda insegura en Galicia e 149.000, o 5,5 % da poboación quen o fai nunha vivenda inadecuada.

Isto sumado á pobreza enerxética que ten levado a que o 9,8 % da poboación tivera problemas para o pago de gastos relacionados coa vivenda e o 5,1 % para facer fronte a avisos de corte na subministración de luz, auga ou teléfono, dános unha idea clara de que os custos que conleva unha vivenda, tanto para o acceso, como o seu mantemento, seguen a ser especialmente gravosos para unha porcentaxe aínda elevada da poboación galega.

Son por tanto 47.400 os fogares galegos que viven a día de hoxe en vivendas inadecuadas, e que representan a eses 149.000 galegos e galegas que viven en precario.

A Xunta de Galicia a través do Plan Rehavita ten posto a disposición, pero só para os concellos con menos de 10.000 habitantes unha partida anual para axudar á erradicación da infravivenda en Galicia. Sen embargo fronte ós 500.000 € destinado no 2017, no ano 2018 esta cantidade se viu reducida a 300.000 €. Neste ano tamén volveu reducirse, con tan só 200.000 €.

Ata o momento foron 19 o total de concellos da Galicia rural beneficiados desde o 2017 con estas axudas, e apenas 34 os fogares atendidos.

Sen embargo o problema das infravivendas é unha realidade que afecta a todo o territorio galego e que debería ser abordada en todos os concellos.

Máxime cando unha porcentaxe alta das infravivendas están situadas nos extrarradios dos grandes concellos de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno de que son 47.400 os fogares en Galicia que residen en vivendas cualificadas como inadecuadas?

2. Ante esta situación, e o baixo grao de atención que ten demostrado o Programa de Infravivenda do Plan Rehavita, con apenas 12 e 22 casos atendidos no 2017 e no 2018, que medidas ten pensado impulsar para mellorar o grao de atención das familias máis vulnerables de Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 10:20:25
Nº Rexistro: 57109
Data envio: 08/10/2019 10:20:25.593

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

3. Entende o Goberno, que estas axudas, van destinadas a persoas propietarias, pero con moi baixos recursos para poder asumir melloras nas súas vivendas?

4. Cal é a razón pola que as partidas destinadas desde o 2017 a este Programa de Infravivenda se teñen reducido sistematicamente ano tras ano, cando a demanda pola contra se ten incrementado?

5. Cree que é asumible para Galicia que tantos e tantas galegas teñan que vivir en condicións tan lamentables?

Pazo do Parlamento, 07 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 10:12:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 10:13:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 10:13:09

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 11:40:26
Nº Rexistro: 57118
Data envio: 08/10/2019 11:40:26.094

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A falla de previsión na área sanitaria do CHOP provocou no verán unha situación de colapso nas Urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra. Este grupo parlamentario describiu a situación como unha consecuencia da falla de persoal: as persoas doentes van ao Servizo de Urxencias do Hospital Montecelo, incrementando o número de persoas e provocando unha situación de colapso, tamén polo peche de camas hospitalarias que acordou a Consellería de Sanidade no verán e que orixina un tapón por non haber camas dispoñibles para as persoas que se atopan en Urxencias agardando para ingresar en planta.

Ante as preguntas, o Goberno limitouse a contestar de xeito conciso, en resposta de 30 de setembro, o seguinte: a actividade das urxencias no Hospital Montecelo e a actividade asistencial no PAC da Parda mantivéronse durante este verán moi similar ao do verán do ano pasado. Respecto á fin de semana (27 e 28 de xullo), o número de pacientes que o PAC da Parda derivou ás urxencias do Montecelo foi de 10 o día 27 e 12 o día 28. Durante o período de verán todas as camas están dispoñibles, iso quere dicir que todas as camas están operativas de forma que as non se están a utilizar poden pasar a ser utilizadas nun curto período de tempo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A resposta do Goberno á pregunta escrita con número de rexistro 53107, significa que no ano 2018 a situación do Hospital Montecelo e do PAC da Parda era igual de deficitaria que neste verán de 2019?
2. Que ten que dicir o Goberno galego do colapso nas Urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra, este pasado verán?
3. Recoñece o Goberno que a orixe destes colapsos está na falla de suficiente persoal médico nos centros de saúde e na súa decisión de pechar camas hospitalarias polo verán?
4. Cales son os motivos polos que a Consellería de Sanidade non abre as camas pechadas e non contrata, de maneira definitiva, máis persoal médico e sanitario?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 11:40:26
Nº Rexistro: 57118
Data envio: 08/10/2019 11:40:26.094

5. Cales son “todas as camas operativas”? Cantas?
6. Que significa que “as camas que non son operativas poden pasar a ser utilizadas nun curto período de tempo”? Canto é ese curto período de tempo?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 11:30:33

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 11:30:44

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 11:30:53

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 11:41:16
Nº Rexistro: 57120
Data envio: 08/10/2019 11:41:16.261

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros, unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro.

O 13 de decembro de 2018, publicábase no DOG a *RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2018, da Dirección Xeral da Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A., pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir dos servizos esenciais ante a convocatoria de folga total do día 19 e de folga parcial do día 22 de decembro de 2018 nos centros de traballo da Corporación Radio Televisión de Galicia.*

Recentemente coñecemos que o TSXG condenou a CRTVG por vulneración do dereito á folga celebrada o pasado 19 de decembro. Ademais, declara nula "a decisión empresarial de substituír" unha traballadora e máis o mantemento da emisión do programa *O Tempo* nesa xornada.

A sentenza, emitida pola sección 1ª do Contencioso Administrativo do TSXG a raíz dun recurso do Comité Intercentros da CRTVG, invalida a resolución emitida pola Dirección Xeral da mesma o 11 de decembro "por ser contraria ao ordenamento xurídico, condenando á Administración demandada a estar e pasar por dita declaración". Atribúelle ademais os custos procesuais. A sentenza non é firme, cabe recurso fronte o Tribunal Supremo.

O documento indica que "non resulta de recibo atribuír ao director xeral da CRTVG a competencia para concretar o persoal que debe permanecer e cubrir, durante os períodos de folga, os servizos mínimos en programas informativos". "Crebaríanse as naturais esixencias de neutralidade, obxectividade e imparcialidade que cabe agardar á autoridade gobernativa", engade.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 11:41:16
Nº Rexistro: 57120
Data envio: 08/10/2019 11:41:16.261

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O texto lembra ademais que o director xeral "non pode adoptar unha decisión" ao respecto do "exercicio dun dereito constitucional" dende "unha perspectiva allea ás partes en conflito, precisa para establecer as medidas axeitadas que posibiliten harmonizar o dereito de folga e os servizos mínimos esenciais para a comunidade".

Non é a primeira vez que a CRTVG é condenada por vulneración do dereito á folga, así ocorreu tamén coa folga feminista do 8 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza do TSXG que condena a compañía por vulneración do dereito á folga?
2. Considera a CRTVG que as accións que desenvolveu o 19 de decembro de 2018 e nos días anteriores, respectaron o dereito á folga dos e das traballadoras da compañía?
3. Pretendía a CRTVG establecendo estes servizos mínimos, que os efectos da folga non foran tan visibles na programación dos medios públicos?
4. Por que motivo, a CRTVG decidiu substituír a presentadora do *Tempo*, que secundaba a protesta, pola coordinadora do departamento do Tempo, que non facía folga?
5. Ten previsto a CRTVG recorrer ante o Tribunal Supremo esta sentenza do TSXG, que condena á compañía por vulneración do dereito á folga?
6. En caso afirmativo, cales son os motivos polos que vai presentar recurso a esta sentenza?
7. Ante as reiteradas denuncias durante estes últimos anos polo establecemento de servizos mínimos abusivos na CRTVG, ten previsto tomar algunha medida?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 11:33:18

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 11:41:16
Nº Rexistro: 57120
Data envio: 08/10/2019 11:41:16.261

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 11:33:26

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 12:47:13
Nº Rexistro: 57128
Data envio: 08/10/2019 12:47:13.914

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo. Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste sentido, o rexistro dun preconcurso de acredores serviu como presión para a última negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación por parte do Sergas de máis recursos públicos para POVISA.

O último informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do concerto, advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este concerto sanitario para

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 12:47:13
Nº Rexistro: 57128
Data envio: 08/10/2019 12:47:13.914

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Con todo, as últimas novas en relación a este tema informan da formalización dunha venda ao grupo Ribera Salud, cuxo maior propietario é a aseguradora norteamericana Centene Corporation e que ten en España antecedentes negativos na sanidade, como o Hospital de Alzira na Comunidade Valenciana á que debe 140 millóns de euros.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Cal é a opinión que lle merece ao Goberno da Xunta de Galicia a venda a un fondo estranxeiro dun hospital galego do que depende centos de miles de cartillas e miles de postos de traballo?
- Está a o Goberno da Xunta de Galicia participando nas negociacións?
- Cal é o papel que está xogando o Goberno en relación a esta venda?
- Cales son as xestións e medidas realizadas polo Goberno para dar cumprimento das recomendacións do Consello de Contas?
- Considera o Goberno que se está a actuar con transparencia neste tema?
- Ten coñecemento o Goberno de que recursos públicos foron para asistencia sanitaria?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 12:47:13
Nº Rexistro: 57128
Data envio: 08/10/2019 12:47:13.914

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Ten o Goberno estudado algunha fórmula para a adquisición do Hospital garantindo postos de traballo e asistencia sanitaria dende unha xestión pública?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/10/2019 12:42:44

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 12:49:22
Nº Rexistro: 57133
Data envio: 08/10/2019 12:49:22.939

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo. Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste sentido, o rexistro dun preconcurso de acredores serviu como presión para a última negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación por parte do Sergas de máis recursos públicos para POVISA.

O último informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do concerto, advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este concerto sanitario para

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 12:49:22
Nº Rexistro: 57133
Data envio: 08/10/2019 12:49:22.939

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Con todo, as últimas novas en relación a este tema informan da formalización dunha venda ao grupo Ribera Salud, cuxo maior propietario é a aseguradora norteamericana Centene Corporation e que ten en España antecedentes negativos na sanidade, como o Hospital de Alzira na Comunidade Valenciana á que debe 140 millóns de euros.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte PREGUNTA:

- Ten o Goberno estudado algunha fórmula para a adquisición do Hospital garantindo postos de traballo e asistencia sanitaria dende unha xestión pública?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 12:49:22
Nº Rexistro: 57133
Data envio: 08/10/2019 12:49:22.939

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Eva Solla Fernández na data 08/10/2019 12:42:32

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:08:43
Nº Rexistro: 57135
Data envio: 08/10/2019 13:08:43.206

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O brote hídrico que tivo lugar o 21 de setembro en Corme que afectou a decenas de veciños, puxo de manifesto unha mala xestión por parte da Consellería de Sanidade en relación aos protocolos de avaliación e control sanitario para a protección da poboación no que respecta á sanidade ambiental.

De feito, o incidente non foi investigado polas autoridades sanitarias ata o luns 23 de setembro, co risco de exposición da saúde da poboación durante eses días.

O conxunto de Organizacións sindicais ademais, levan moito tempo demandando unha negociación coa consellería na que se estableza un sistema de gardas dos e das inspectoras farmacéuticas para poder actuar neste tipo de emerxencias sanitarias todos os días do ano. De feito, reclaman tamén o cumprimento do acordo asinado o 23 de novembro do ano 2016 que permite as inspectoras e inspectores farmacéuticos acometer mellor o seu traballo, pois xa no ano 2016 denunciaban redución das inspeccións sanitarias e alertaban do perigo que iso supoñía ao non traballar fines de semana ou festivos, o que provoca que nunha alerta sanitaria como a de Corme, as mostras non se recollan ata o día que sexa laborable.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda PREGUNTA:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:08:43
Nº Rexistro: 57135
Data envio: 08/10/2019 13:08:43.206

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Por que o Goberno non está dando cumprimento do acordo acadado coas Organizacións Sindicais o 23 de novembro do 2016?
- Considera o Goberno que existen os protocolos axeitados para dar resposta a este tipo de situacións?
- Que valoración fai o Goberno sobre a actuación da Consellería neste episodio de alerta sanitaria?
- Ten pensando o Goberno levar a cabo algunha medida despois do acontecido?
- Valora o Goberno sentarse a negociar coas Organizacións Sindicais un sistema de gardas das e dos inspectores farmacéuticos que mellore a actual situación?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/10/2019 13:06:09

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:44:43
Nº Rexistro: 57146
Data envio: 08/10/2019 13:44:43.156

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, **María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

As condicións que sofren as persoas sen fogar constitúen probablemente o peor rostro da exclusión social no noso país e, ademais, o máis visible. Con todo dita visibilidade, o "senfogarismo" é un dos fenómenos peor coñecidos e que adoeceu de falta de políticas integrais na súa intervención.

A fonte de información máis importante sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia é o Instituto Nacional de Estatística (INE), que publica con carácter bienal a *"Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar"*, na que dá a coñecer as súas principais características, prestacións que ofertan, e o volume de persoas usuarias que rexistraron. Ademais, cunha frecuencia irregular, este organismo publicou a *"Enquisa a Persoas sen fogar en España"*, para dar a coñecer o perfil sociodemográfico e as súas condicións de vida, con datos dispoñibles por comunidades autónomas. Ambas as enquisas dan información relevante sobre a poboación sen fogar usuaria habitual ou ocasional da rede de recursos específicos.

Recentemente publicouse a "Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar" do ano 2018 que revela que Galicia conta con 73 centros cun número medio de prazas de 1.304, que teñen unha ocupación media do 81,9 %. O gasto medio en cada un deles sitúase en 218,9 euros, por debaixo na media estatal que está en 300,6 euros. A maioría do persoal que presta os seus servizos nestes centros son voluntarios e voluntarias (o 43,6 %). Destaca tamén que Galicia non conta na actualidade con ningunha vivenda que participe no programa Housing First.

Housing First utiliza a vivenda como punto de partida máis que como obxectivo final. Neste servizo o primeiro que se proporciona antes que calquera outro tipo de apoio ou intervención é o aloxamento, por iso se denomina "vivenda primeiro". É capaz de focalizarse de maneira inmediata en que unha persoa se manteña afastada satisfactoriamente no seu propio fogar formando parte dunha comunidade. Pero Housing First tamén busca melloras na saúde, o benestar e as redes de apoio social das persoas sen fogar coas que se traballa. Este enfoque é

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:44:43
Nº Rexistro: 57146
Data envio: 08/10/2019 13:44:43.156

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

moi diferente ao dos servizos que tentan conseguir que as persoas sen fogar con grandes necesidades de apoio estean "preparadas" para acceder a unha vivenda antes de ofrecerlla. Neste tipo de servizos para persoas sen fogar o aloxamento chega o "último".

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da atención ás persoas sen fogar na nosa comunidade autónoma?
2. Considera que o investimento da Xunta de Galicia é suficiente para a atender correctamente as necesidades destas persoas?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X lexislatura para reforzar a atención as persoas sen fogar?
4. Que opinión ten o Goberno galego sobre o programa "Housing First"?
5. Por que a Xunta de Galicia non puxo en marcha ata o de agora este programa?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 13:24:04

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 13:24:12

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 13:24:21

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:46:04
Nº Rexistro: 57152
Data envio: 08/10/2019 13:46:04.211

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, **Julio Torrado Quintela**, **Patricia Vilán Lorenzo** e **María Teresa Porritt Lueiro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

Xa pasaron cincuenta anos de Stonewall, corenta e dous dende que as persoas LGTBI saíron por primeira vez a manifestarse por unha igualdade real e legal, trinta da derrogación da lei sobre perigo e rehabilitación social, e catorce anos da aprobación da lei do matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Memoria histórica dunha loita colectiva que forma parte da cultura e da identidade non só da comunidade LGBTI , senón de toda unha sociedade que empuxaba cara a unha sociedade libre e democrática.

A realidade é que as persoas maiores LGTBI aínda non senten visibles ante a sociedade. Isto débese, entre outras cousas, a que manteñen vivo o temor ao rexeitamento sufrido durante a ditadura, e tentan non relacionarse en público con outras persoas homosexuais. A diversidade sexual na vellez apareceu hai ben pouco nos estudos sociolóxicos e foron as propias persoas maiores lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais os que impulsaron e levaron á area institucional, académica e de atención pública, a atención acerca da necesidade de recoñecemento nos servizos públicos sobre as súas especificidades.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia defendemos que as persoas independentemente da súa idade, orientación sexual ou identidade de xénero, deben ter garantidos os seus dereitos para ter unha vida plena e independente, e a sociedade debe ter a oportunidade de beneficiarse das achegas das e os máis maiores. Para iso, debe combaterse calquera tipo de discriminación debida á idade, orientación sexual ou identidade de xénero, e consolidar uns servizos públicos que favorezan o mantemento da saúde e o benestar físicos, mental e emocional. Apoiaremos ás persoas LGTBI para que avancen na plena visibilidade no ámbito da política, a ciencia, a docencia, a empresa, o deporte, a fin de que en cada espazo social se visualice a realidade e póidanse dotar de referentes ás e os e as máis novas.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:46:04
Nº Rexistro: 57152
Data envio: 08/10/2019 13:46:04.211

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do grado de cumprimento da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*?
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia desenvolver esta normativa?
3. Que medidas adoptou o goberno galego durante a X lexislatura para visibilizar as persoas maiores LGBTI?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario tomar medidas que fomenten actividades divulgativas e de investigación relacionadas coa recuperación da memoria histórica LGTBI?
5. En caso afirmativo, que actuacións ten previsto levar a cabo durante a X lexislatura neste ámbito?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 13:35:25

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 13:35:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 13:35:42

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:46:04
Nº Rexistro: 57152
Data envio: 08/10/2019 13:46:04.211

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

María Teresa Porritt Lueiro na data 08/10/2019 13:35:52

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 16:57:11
Nº Rexistro: 57163
Data envio: 08/10/2019 16:57:11.572

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

A páxina web da CRTVG anunciou o pasado 28 de setembro a estrea dun novo programa, "Conexión Madrid", que comezou a emitirse o 30 de setembro ás 22.45 h pola G2, emitíndose dende a delegación madrileña da CRTVG. Segundo a propia compañía, nel "participarán destacados xornalistas galegos especializados en crónica política en Madrid, e habituais comentaristas da pantalla. Moderado polo xornalista Luís E. Ramos, o espazo de debate pretende achegar a reflexión e a pluralidade de opinións de distintas perspectivas da actualidade española, política e social, que máis afecte a Galicia".

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que decidiu a CRTVG incorporar á grella da televisión pública galega, un programa de crónica política dende Madrid?
2. Cal é o obxectivo deste programa?
3. Tralas primeiras semanas de emisión, que valoración fai a CRTVG deste espazo?
4. Que valoración fai a CRTVG dos índices de audiencia deste programa?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 16:57:11
Nº Rexistro: 57163
Data envio: 08/10/2019 16:57:11.572

5. Considera que neste espazo se respecta o principio do pluralismo ideolóxico que debe rexer os nosos medios de comunicación públicos?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 16:56:18

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 16:56:26

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:00:11
Nº Rexistro: 57166
Data envio: 08/10/2019 17:00:11.323

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Diario Oficial de Galicia número 155, de data 10 agosto do ano 2000, publicaba o Decreto 205/2000, do 21 de xullo, polo que se declaraba de utilidade pública e de urxente execución a concentración parcelaria da zona de Gonzar II, no concello do Pino (A Coruña).

Malia ser declarada de urxente execución, transcorren case que nove anos ata que se publican, no DOG N.º 6, o 9 de xaneiro do ano 2009, as súas bases definitivas de acordo coa Resolución do 28 de novembro de 2008.

Estamos a falar aproximadamente de 900 hectáreas, onde o factor predominante da parroquia de Gonzar, no Pino, é a dispersión e o minifundismo, xa que a mencionada superficie conta con 7.853 parcelas.

Transcorridos máis de 19 anos desde o inicio do proceso de concentración, esta, aínda non rematou, e apenas hai avances significativos. Feitos, que impiden aos propietarios e propietarias explotar de maneira eficiente os seus recursos forestais, tales como: plantar e producir madeira.

Ademais, este atraso, no proceso de concentración, está a provocar unha considerable diminución da capacidade produtiva da terra. Xa que a dificultade de acceso aos predios entorpece, ou incluso imposibilita, o transito da actual maquinaria, provocando que moitas fincas se atopen nun estado de total abandono, o que xera un aumento da biomasa forestal, e que trae consigo un aumento no risco de incendios.

Así mesmo, neste mesmo concello, O Pino, existen dúas parroquias, Arca e Pereira, que, a día de hoxe, non contan con toda a súa superficie aparcelada, pero onde si os propietarios das terras demandan, tamén, o inicio do proceso concentración.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:00:11
Nº Rexistro: 57166
Data envio: 08/10/2019 17:00:11.323

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Cales son as causas da demora no proceso de concentración parcelaria denominada Gonzar II no concello do Pino?

2ª. Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación á concentración parcelaria Gonzar II?

3ª. Cales son os procedementos da concentración parcelaria Gonzar II que aínda están en período de tramitación, e en que data concreta, prevé a Xunta de Galicia, que remataran os ditos trámites?

4ª. Cando prevé a Xunta de Galicia que se realizará, definitivamente, a concentración parcelaria Gonzar II do concello do Pino? En caso afirmativo, cal é o cronograma de actuacións?

5ª. É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, sociais e medioambientais que supón a demora na concentración parcelaria Gonzar II e, se for o caso, cal é o valor estimado pola Xunta de Galicia?

6ª. Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar os tramites da concentración parcelaria do monte pendente nas parroquias de Arca e Pereira do concello do Pino?

7ª. Cal é a previsión de orzamento para o exercicio 2020, e o cronograma de actuacións?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Oscar Vilar Chento na data 08/10/2019 16:55:45

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2019 16:55:57

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:04:28
Nº Rexistro: 57170
Data envio: 08/10/2019 17:04:28.545

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita,** sobre a situación do estaleiro Barreras.

A suposta recuperación do sector naval vinculada a Pemex vén de sufrir un revés máis coa noticia de que Barreras entra en preconcurso de acredores.

Lembramos que hai algo máis de sete anos, o 24 de maio de 2012, o Telexornal da TVG interrompeu o seu ritmo habitual para conectar co salón nobre do Pazo de Raxoi, que a Presidencia da Xunta reserva para as súas recepcións máis solemnes. Tratábase de ser testemuñas da sinatura entre o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feireo e o, por aquel entón, director xeral de PEMEX, dun acordo que segundo anunciaran traería enormes negocios para o sector naval galego: floteis, porto exterior da Coruña, control de Barreras...

O final daquela historia é sabido, no limbo quedaron numerosos anuncios de Feijóo: tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores. Tampouco chegou a terminal no porto exterior da Coruña, á que renunciou finalmente Pemex. Pola contra, o goberno mexicano denunciou posibles casos de corrupción e, finalmente, atopámonos coa recente entrada do estaleiro vigués Barreras en preconcurso de acredores despois de que a xunta de accionistas de Barreras cesara a García Costas como presidente do estaleiro.

Foi a primeira peza que se moveu ante a importante crise que ten o estaleiro. Agora plantéxase unha operación de rescate que non descarta a Xunta pero que planea a compañía hostaleira internacional The Ritz-Carlton, que ten un cruceiro

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:04:28
Nº Rexistro: 57170
Data envio: 08/10/2019 17:04:28.545

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de luxo construíndose en Vigo e varios pedidos máis pendentes. O sobrecusto xerado pola construción deste barco para a división navieira da empresa hostaleira abocou a Barreras ao preconcurso de acredores, que solicitou formalmente no xulgado esta semana a modo de medida de protección. O desfasamento, sobre os 240 millóns do contrato, supera os 100 millóns; a débeda no pago a provedores e equipos sitúase en 20 millóns.

Polo momento, en virtude do preconcurso solicitado, a empresa ten catro meses para negociar cos acredores e, en caso de non logralo, veríase abocada ao concurso e á suspensión de pagos. Non sería novo para o histórico estaleiro vigués, que pasou xa por un concurso en 2012, afogado pola crise, as consecuencias do tax lease e as millonarias débedas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Que está facendo o Goberno galego para abordar a crise de Barreras e asegurar a continuidade do estaleiro vigués?

2.ª) Que valoración fai o Goberno galego da venda de Barreras a Pemex?

3.ª) O Goberno galego concedeu algún tipo de fondos públicos a PEMEX para as súas inversións no noso país?

4.ª) De telos concedido, levouse a cabo algún tipo de control sobre os mesmos?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:04:28
Nº Rexistro: 57170
Data envio: 08/10/2019 17:04:28.545

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 08/10/2019 17:00:28

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:06:15
Nº Rexistro: 57176
Data envio: 08/10/2019 17:06:15.346

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e **Concepción Burgo López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Rosalía Crego Navarro, na súa obra "Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)" concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (…) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Eran unha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora. Esa mesma foi a liña das Colonias Escolares de Covelo, no Concello pontevedrés de A Lama, que foron un colexio anual, gratuíto, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfexo. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de xeito altruísta dentro da "Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo", fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quería e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o tivera feito a Asociación de Veciños de Laxedo. O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, mais o Goberno galego ten rexeitado esta posibilidade en varias ocasións a través do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

E mentres as Colonias esmorecen en Covelo, o curioso é que parece que a Xunta de Galicia si financia o centro "Residencia Santiago Apóstol", que o conde de Cavanelas deixou en Río de Janeiro e onde está enterrado. Este centro funciona ao cen por cento, probablemente porque o Goberno galego o axuda economicamente e porque a asociación "Sociedad Recreio dos Ancião para Asilo da Velhice Desamparada" e a súa presidenta, a señora Regina Jallas (militante do PP), son moito máis persuasivas que a Asociación de Veciños de Laxedo.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:06:15
Nº Rexistro: 57176
Data envio: 08/10/2019 17:06:15.346

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Concorda o Goberno galego en que o legado do filántropo Manuel Barreiro Cavanelas é tan respectable en Galicia como en Brasil?
2. Se a resposta á pregunta anterior fose positiva, cales son os motivos polos que o Goberno non se opón ao esmorecemento das Colonias Escolares de Covelo, no Concello de A Lama?
3. Se a resposta á primeira pregunta fose positiva, cales son os motivos polos que o Goberno financia o centro "Residencia Santiago Apóstol", en Río de Janeiro?
4. Podería ser un dos motivos que a súa presidenta sexa militante do PP?
5. Que cantidades ten recibido anualmente (dende o ano 2008 ata o día de hoxe) a asociación "Sociedad Recreio dos Anciãos para Asilo da Velhice Desamparada" e o centro "Residencia Santiago Apóstol", en Río de Janeiro, onde está enterrado o señor Manuel Barreiro Cavanelas?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 17:02:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 17:03:11

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 17:03:19

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:06:15
Nº Rexistro: 57176
Data envio: 08/10/2019 17:06:15.346

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/10/2019 17:03:30

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:21:36
Nº Rexistro: 57180
Data envio: 08/10/2019 17:21:36.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mes de xullo de 2017 a Xunta de Galicia presentou a Estratexia Autónomo 2020 cun período de vixencia desde xullo de 2017 ata o 31 de decembro de 2020. A dita estratexia establecía tres retos: Incorporar novas persoas e fortalecer o emprego autónomo, facilitar mellores condiciones para o autónomo e simplificar e axilizar a interacción co colectivo autónomo. Para a consecución destes retos, a Xunta de Galicia anunciaba un orzamento 2017-2020 de 160 millóns de euros (40 millóns de euros anuais) e unha estimación de 10.000 beneficiarios por ano.

Vinte e seis meses despois da implantación da Estratexia Autónomo 2020 e cando só quedan 15 meses para a súa finalización os datos de afiliación ao réxime de autónomos en Galicia revélannos que o número de persoas afiliadas en setembro deste ano é de 210.489, é dicir 514 persoas menos que no mes anterior e 15.305 menos que na data de implantación da Estratexia.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados pola Estratexia Autónomo 2020?

2ª) Canto leva gastado o Goberno galego sobre o inicialmente orzamentado?

3ª) Cales foron as accións implementadas, con que importe e cales son os resultados acadados con cada unha delas?

4ª) Considera o Goberno galego que a 31 de decembro de 2020 van estar cumpridos os retos inicialmente establecidos?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:21:36
Nº Rexistro: 57180
Data envio: 08/10/2019 17:21:36.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2019 17:18:57

Patricia Otero Rodríguez na data 08/10/2019 17:19:16

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2019 17:19:26

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:42:41
Nº Rexistro: 57191
Data envio: 08/10/2019 17:42:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O Partido Popular está empuxando á Atención Primaria cara o precipicio.

A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal, pola presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente.

Sobrecarga do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de "redistribuír" a demanda asistencial, duplicar as citas, demoras nas citas de máis dunha semana, de 10 días de media, teléfono desbordado. Todo isto leva a un aumento das persoas que se ven obrigadas a acudir aos PAC para que as atendan, que tamén traballan continuamente baixo mínimos.

Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

O Centro de Saúde de Calo, no concello de Teo, é un claro exemplo:

Día 8 de outubro, un doutor atendendo todas as consultas. Tiña 52 pacientes na lista. A doutora está de vacacións e non se cubreu a ausencia.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:42:41
Nº Rexistro: 57191
Data envio: 08/10/2019 17:42:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación leva repetíndose desde hai tempo o que provoca que o facultativo teña que ampliar necesariamente a súa xornada laboral, ademais de agardas importantes en tempo para os e as doentes, que poden superar unha hora desde que se concerta a cita até que se atende en consulta motivado pola imposibilidade de atender de maneira profesional a tantos pacientes.

Chama a atención ademais que o que se considera a situación de "normalidade" neste centro de saúde é que a doutora e o doutor atendan cupos de máis de 1.600 pacientes. Así pois, cando non se cubren as ausencias xustificadas do persoal un doutor atende un cupo de máis de 3.000 pacientes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera que a poboación de Calo está ben atendida cando un profesional ten que atender dous cupos, xa de por si sobrecargados?

-Vai a Xunta proceder a cubrir as ausencias d@s profesionais no Centro de Saúde de Calo cando se produzan?

-Que pasos se están a dar dende o SERGAS co fin de garantir a cobertura das ausencias d@s profesionais no Centro de saúde de Calo?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:42:41
Nº Rexistro: 57191
Data envio: 08/10/2019 17:42:41.228

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2019 17:41:42

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2019 17:41:50

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2019 17:41:55

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2019 17:42:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/10/2019 17:42:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2019 17:42:14

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 10:00:18
Nº Rexistro: 57213
Data envio: 09/10/2019 10:00:18.264

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as obras desenvolvidas no santuario do Faro, no Concello de Chantada

Este verán a igrexa interviu sobre o santuario do Faro, situado na parroquia de Requeixo, no Concello de Chantada.

O resultado das obras causou abraio entre a veciñanza pola mudanza, cando menos visual, que supuxeron na estrutura deste ben patrimonial así como polo uso de materiais que alteran o aspecto orixinal do edificio.

Falamos de canalizacións metálicas, unha bufarda como a que acostuman pór nos edificios residenciais ou o uso de pedra serrada arredor do edifico, que nada teñen a ver cun monumento arquitectónico do século XVIII situado no Camiño de Inverno-Camiño de Santiago e na Ribeira Sacra, recentemente declarada Ben de Interese Cultural (BIC).

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das obras levadas a cabo no santuario do Faro, no Concello de Chantada?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 10:00:18
Nº Rexistro: 57213
Data envio: 09/10/2019 10:00:18.264

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Conta con algún grao de protección este santuario?

- Tivo coñecemento a Xunta de Galiza de que a igrexa ía levar a cabo esta intervención?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 09:58:40

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 09:58:47

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 09:58:52

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 10:00:18
Nº Rexistro: 57213
Data envio: 09/10/2019 10:00:18.264

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 09:58:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 09:59:07

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 09:59:14

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:46:23
Nº Rexistro: 57229
Data envio: 09/10/2019 11:46:23.813

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez. María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A mediados do mes de marzo deste ano anunciouse a instalación de 12 novas estacións meteorolóxicas na comunidade autónoma, dentro do programa de modernización e actualización dos dispositivos que se encargan de subministrar información meteorolóxica e da calidade do aire.

O plan prevía a instalación destas novas estacións nos concellos do Valadouro, Riotorto, Cospeito, Mondariz, Porriño, Portomarín, As Neves, Monforte, Laxe, Baiona e Forcarei; mentres que as pantallas de información disporanse nos municipios de Santiago de Compostela (dúas pantallas), A Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo, Ferrol, Monforte, Verín, Ribadeo, Baiona, Lalín, Porto do Son, Ribeira, Sanxenxo, O Grove, Foz, Fisterra, O Cebreiro, Sarria e Melide.

A previsión era iniciar de xeito inmediato as obras necesarias para as instalacións e que os traballos estiveran rematados a finais dese mesmo mes de marzo, de xeito que os datos estivesen dispoñibles en tempo real na páxina *web* de MeteoGalicia e tamén na aplicación móbil de MeteoGalicia; polo menos esa era a información que se deu naquel momento desde o Goberno da Xunta de Galicia.

O certo é que no caso da estación meteorolóxica de Cospeito a día de hoxe hai dúas columnas de formigón en pé e o que parecen ser bases con acometidas de electricidade para o funcionamento da estación; é dicir, medio ano despois dos anuncios oficiais nin estación meteorolóxica, nin datos en tempo real nin ningunha previsión de que se remate esta instalación.

Ademais, esta situación se dá nun entorno privilexiado como é a entrada á lagoa de Cospeito, lugar moi visitado polo seu alto valor medio ambiental.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo polo que a nova estación meteorolóxica de Cospeito non está rematada?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:46:23
Nº Rexistro: 57229
Data envio: 09/10/2019 11:46:23.813

2ª) Que prazos existen para a conclusión das obras e a posta en funcionamento desta estación?
3ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado no que se atopan as obras á entrada da lagoa de Cospeito?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 19:06:57

Patricia Otero Rodríguez na data 08/10/2019 19:07:10

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/10/2019 19:07:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 19:07:45

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 19:08:07

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:49:00
Nº Rexistro: 57234
Data envio: 09/10/2019 11:49:00.162

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas illas Canarias e en 2015 detectase a súa presenza en tres concellos de Ferrolterra e no 2017 pasaron a ser 31; 14 na comarca de Ferrolterra e 17 na Mariña lucense e por ultimo no mes de marzo do ano 2018 declarábase o concello de Muxía zona infestada.

Na Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas no Real decreto 197/2017 polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia* (*Scrobipalpopsis) solanivora Povolny*.

Esta resolución di no seu punto 2 letra a): Prohíbese o cultivo de patacas desde o día 5 de marzo de 2017 en todos os concellos establecidos como zona infestada durante un período mínimo de dous anos e ata que se declare oficialmente a erradicación da praga.

Na Resolución do 19 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se prorrogan todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e impleméntanse as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny*, ou couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:49:00
Nº Rexistro: 57234
Data envio: 09/10/2019 11:49:00.162

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

1ª) Cantas trampas ten na actualidade colocadas a Consellería do Medio Rural, tanto en concellos afectados como en concellos tampón, especificadas por concello e provincia?

2ª) Cal foi o número de visitas as trampas colocadas, tanto en concellos afectados como en concellos tampón, durante o ano 2018 e o primeiro semestre de 2019, especificadas por concello, provincia e data?

3ª) Cal foi o número de capturas rexistradas nas trampas colocadas, tanto en concellos afectados como en concellos tampón, durante o ano 2018 e o primeiro semestre de 2019, especificadas por concello, provincia e data?

4ª) Cal foi o motivo polo que a Xunta de Galicia non fixo públicos os datos das capturas da *tecia solanivora* nas trampas que ten distribuídas pola Comunidade?

5ª) Ten previsto a Xunta de Galicia que no ano 2020 levantar a prohibición de planta pataca nalgún dos concellos afectados, en caso afirmativo, cal ou cales?

6ª) Durante o no 2019 mantivo algunha xuntanza a Comisión Seguimento da Couza Guatemalteca da pataca, en caso afirmativo, en que data?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2019 19:31:04

Oscar Vilar Chento na data 08/10/2019 19:31:18

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:52:16
Nº Rexistro: 57239
Data envio: 09/10/2019 11:52:16.268

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno galego no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización, e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno, foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de poñer a dispor os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos moitos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de A Rúa. Nesta vila ourensá, cunha poboación aproximada de 5.000 habitantes e unhas 4.000 cartillas sanitarias, onde se atenden ademais, a pediatría dos concellos de Larouco, Petín, Vilamartín, O Bolo e Viana, urxencias os sábados pola mañá de adultos e nenos e nenas de catro concellos, conta cunha infraestrutura sanitaria antiga e insuficiente xa que carece dos espazos axeitados para a atención sanitaria que se debe prestar.

Tendo en conta esta situación, o anterior Goberno municipal propúxolle á Consellería de Sanidade establecer o centro de saúde no actual centro de día, hoxe infrautilizado, pero a Xunta de Galicia rexeitou esta situación alegando informes técnicos negativos. No ano 2018, o Concello de A Rúa propuxo unha nova situación, sen obter ningunha resposta do Goberno autonómico.

A veciñanza de A Rúa concéntranse dende primeiros de ano, todos os luns ás 12 durante 5 minutos na porta deste centro de saúde, e presentou máis de 1.500 sinaturas, para reclamar unha atención primaria digna, e a construción dun novo

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:52:16
Nº Rexistro: 57239
Data envio: 09/10/2019 11:52:16.268

centro de saúde para esta vila do oriente ourensá.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia construír durante a X lexislatura, un novo centro de saúde en A Rúa?
2. En caso afirmativo, cal vai ser o investimento que o Goberno galego vai facer nesta nova infraestrutura?
3. Considera o Goberno galego que o actual centro de saúde desta vila ourensá dispón na actualidade de espazos axeitados para unha correcta atención sanitaria?
4. Por que non respondeu o Goberno galego á proposta, feita no ano 2018 polo Concello de A Rúa, para ceder un terreo para a construción dun novo centro de saúde?
5. Coñece a Xunta de Galicia se o actual Goberno municipal de A Rúa ten intención de poñer a dispor terreos para a construción desta infraestrutura?
6. En caso afirmativo, onde se sitúa esta parcela?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/10/2019 11:45:46

Julio Torrado Quintela na data 09/10/2019 11:45:55

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:28
Nº Rexistro: 57249
Data envio: 09/10/2019 13:19:28.562

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio. Historicamente esta violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada. Porén, grazas ao feminismo e aos movementos de mulleres no mundo, temos dado pasos de xigante que, aínda que insuficientes, deben recordarnos a nosa capacidade colectiva e transformadora no combate do patriarcado.

Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:28
Nº Rexistro: 57249
Data envio: 09/10/2019 13:19:28.562

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relacíonao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, a Xunta de Galiza non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español continúa a incumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera o goberno galego que a resposta diante da violencia sexual é suficiente diante do seu aumento?

-Que medidas específicas para a eliminación das agresións sexuais ten deseñado ou vai deseñar o goberno galego?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:28
Nº Rexistro: 57249
Data envio: 09/10/2019 13:19:28.562

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que ten desenvolto de forma suficiente o contemplado a respecto das violencias sexuais na Lei 11/2007 de violencia de xénero?

-Ten avaliado de forma cuantitativa e cualitativa a incidencia das agresións sexuais na sociedade galega? A través de que ferramentas? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que ten explorado de forma suficiente a incidencia das agresións sexuais na mocidade e a través das novas formas de mensaxería e comunicación, como as redes sociais? Con que actuacións? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que a atención específica a vítimas de violencia sexual está suficientemente dotada e desenvolta?

-Pensa o goberno galego que son suficientes e funcionan os protocolos e/ou instrucións adoptadas no ámbito sanitario? E no ámbito policial? E no xudicial?

-Canto á sensibilización e formación, pensa a Xunta de Galiza que se ten impulsado que a sociedade considere as violacións e agresións sexuais como violencia machista?

-Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de que as denuncias de delitos sexuais sexan tramitadas a todos os efectos como violencia machista? Ten trasladado esta cuestión aos organismos competentes?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a necesidade de desenvolver campañas de concienciación que poñan o foco sobre os agresores?

-Ten desenvolvido medidas o goberno galego para, en colaboración con outras administracións e institucións, desenvolver espazos máis seguros para as mulleres?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:28
Nº Rexistro: 57249
Data envio: 09/10/2019 13:19:28.562

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que indicadores emprega o goberno galego para facer seguimento da violencia sexual e do acerto ou non das súas políticas?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 13:18:02

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 13:18:11

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 13:18:17

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 13:18:25

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:19:28
Nº Rexistro: 57249
Data envio: 09/10/2019 13:19:28.562

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 13:18:34

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 13:18:40

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:22:36
Nº Rexistro: 57254
Data envio: 09/10/2019 13:22:36.043

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

A coeducación pasou de ser un concepto descritivo do ensino conxunto de homes e mulleres, do acceso a un ensino igual, a unha proposta pedagóxica máis complexa que ten en conta a perspectiva de xénero co obxectivo de transformar a sociedade.

Este enfoque último é o asumido teoricamente polo *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* da Xunta de Galiza.

"Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero."

Sen embargo, determinadas medidas da Xunta contradín este principio.

En primeiro lugar, dende o curso 2017-2018, na orde de concertos educativos desaparece o precepto de que "serán obxecto de atención preferente" os centros "que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas". A

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta mantén os concertos con colexios que segregan por sexos e non achega datos específicos de a canto ascende o gasto nestes, sendo a única C.A. que non é transparente nesta cuestión.

En 2016, a organización ultracatólica e homófoba Hazte Oír distribuíu folletos tránsfobos e homófobos en centros de ensino galegos, sen que a Xunta actuase de xeito global para evitar a total distribución dos mesmos nos contextos educativos públicos.

O *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* recoñece que "nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas", téndose detectado actitudes machistas en idades moi temperás, dende os 10 e 11 anos.

A Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia machista dispón, no seu artigo 22.3, que "o Consello Escolar de Galicia, en colaboración co departamento da Xunta de Galiza competente en materia de igualdade, elaborará un informe anual sobre la situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos", informes que non se teñen realizado.

Por outra parte, o *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* aínda non foi avaliado, a pesares de ser cuantificable a evolución do cumprimento dos seus eixos e medidas, e descoñécense os datos sobre os centros educativos que contan con plans de coeducación.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A canto ascende o orzamento da Xunta dedicado a concertos con centros educativos que segregan por sexos?

- Que medidas globais vai adoptar a Xunta para evitar difusión de panfletos homófobos e tránsfobos nos centros educativos?

- Ten pensado a Xunta cumprir o artigo 22.3 da Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia machista?

- Que medidas específicas vai adoptar para incluír a educación afectivo-sexual nos centros educativos?

- Cantos centros educativos teñen plans de coeducación?

- Elaboráronse as "orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero?

- Cantos "materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero" se revisaron?

- Cando e onde se difunde a "táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero"?

- Cantas "publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa" se realizaron?

- Cantas "accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade" se realizaron?

- Trasladáronse aos centros "pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero"?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:22:36
Nº Rexistro: 57254
Data envio: 09/10/2019 13:22:36.043

- Considera suficiente o portal de Igualdade da Consellería de Educación (https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade)?

- Cantas accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos se realizaron?

- Incluíuse a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do persoal funcionario docente? Cantas persoas participaron?

- Cantas accións se impulsaron para fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero e sobre a diversidade afectiva e sexual?

- Identificáronse os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado?

- Cantos foros de debate e discusión se impulsaron co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade e cantos nais, pais e alunos e alumnas participaron?

- Cantas accións se impulsaron en relación á formación das familias en coeducación e igualdade?

- Que resultados achegaron as medidas 14, 15 e 16 do *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020?*

- Cantos materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos se identificaron?

- Cantas materias de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e Bacharelato se impulsaron, en que centros e a canto alumnado acadaron?

- Cantos centros imparten o ciclo formativo superior de Promoción de Igualdade de Xénero e canto alumnado o cursou?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:22:36
Nº Rexistro: 57254
Data envio: 09/10/2019 13:22:36.043

- Creouse "un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo"?

- Elaborouse a "guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado"?

- Elaborouse un "protocolo de actuación para abordar casos de conductas contrarias á convivencia por razón de xénero"?

- Cantos centros elaboraron "un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias"?

- Cantos centros solicitaron "configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual"?

- Cantos "talleres e actividades educativas específicas" se realizaron para "promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino" e canto alumnado participou?

- Cantos "talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero" se realizaron e canto alumnado participou?

- Cantas accións se realizaron para "proomover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade" e canto alumnado participou dende 2016?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:22:36
Nº Rexistro: 57254
Data envio: 09/10/2019 13:22:36.043

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/10/2019 13:21:27

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:48:31
Nº Rexistro: 57256
Data envio: 09/10/2019 13:48:31.741

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ao fracaso das actuacións levadas a cabo polo goberno galego e, particularmente polo IGAPE.

Durante máis dun ano a empresa Isowat, antiga Isolux Galicia, estivo buscando unha alternativa de futuro despois de ter sido arruinada pola nefasta xestión de Invertaresa.

Trátase dunha empresa innovadora e punteira en Galiza mais durante meses malia a presunta existencia de posíbeis inversores o IGAPE non foi quen de concretar unha alternativa. Tras presións dos e das traballadoras cara a Xunta de Galiza e cara Abanca houbo diversas negociacións. Porén, o mes de outubro comezou sen unha alternativa inversora e coa previsión de peche da empresa nese mesmo mes.

No momento de asinar esta iniciativa existe unha nova oferta de Abanca despois das mediacións do Concello da Coruña e da presión política das últimas semanas. Unha posibilidade que chega en tempo de desconto.

Confiando en que no momento de realizar estas preguntas estea verificada unha solución, aínda así o Bloque Nacionalista Galego entende que cómpre aprender desta experiencia e realizar fortes mudanzas na intermediación da Xunta de Galiza.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:48:31
Nº Rexistro: 57256
Data envio: 09/10/2019 13:48:31.741

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a súa xestión respecto Isowat Coruña?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para interceder a favor dunha saída positiva para Isowat Coruña?

Considera que foron suficientes?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para interceder con Abanca?

Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña?

Como valora o papel do Igape? Vai corrixir o seu deficiente funcionamento?

Que índice de éxito tivo o IGAPE nas negociacións de 2018 e 2019?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:48:31
Nº Rexistro: 57256
Data envio: 09/10/2019 13:48:31.741

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 13:47:11

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 13:47:31

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 13:47:38

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 13:47:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 13:47:54

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 13:48:02

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:58:54
Nº Rexistro: 57261
Data envio: 09/10/2019 13:58:54.011

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita,** sobre a situación do sector naval en Vigo.

O pasado 25 de setembro, no debate sobre o estado da nación, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia gabábase de que o sector naval galego "recuperou o liderado" e "ten hoxe a segunda maior carteira de pedidos de toda Europa".

Esquecía, por suposto, a situación de Vulcano, de Barreras e da súa industria auxiliar. Primeiro foron os 69 despedimentos en Vulcano e o que sería o primeiro peche dun estaleiro en Vigo sen que o Goberno galego buscara inversor algún. Logo os impagos e preconcurso de Barreras que deixaron xa polo camiño 800 postos de traballo moi especializados e os que podan vir toda vez que a industria auxiliar xa está advertindo da súa incapacidade para recolocar a estas persoas.

Cómpre lembrar que falamos dun sector fundamental na nosa economía e particularmente no noso tecido industrial:

Un sector que xera máis de:

- 10.000 empregos industriais directos
- Outros 25.000 empregos indirectos
- Preto de 2.000 millóns de € anuais de facturación, que supoñen aproximadamente o 3,3% do PIB galego

Un sector de grande importancia estratéxica para Galicia pola súa capacidade

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 13:58:54
Nº Rexistro: 57261
Data envio: 09/10/2019 13:58:54.011

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

tractora sobre outras actividades e servizos industriais, polo seu alto contido tecnolóxico, polo seu grao de internacionalización, o 90% da produción vai destinada a mercados exteriores e, sobre todo, pola súa importancia no emprego. Trátase dunha actividade totalmente integrada na nosa economía, coa práctica totalidade da cadea de valor ubicada en Galicia: servizos especializados, estruturas, sistemas de propulsión, electricidade, electrónica e automatización, equipamento e accesorios, habitación, etc., son algunhas das especialidades produtivas que contan con empresas galegas auxiliares, a inmensa maioría Pemes, e fortemente dependentes da construción naval.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 09/10/2019 13:48:21

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:52
Nº Rexistro: 57319
Data envio: 09/10/2019 17:28:52.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galiza cara outros países e cara outras comunidades é un fenómeno agudizado durante a década Feijóo ao que o goberno galego non está a responder axeitadamente.

Estímase que na última década instaláronse no norte de Portugal máis de 300 empresas galegas, entre as que podemos citar as seguintes: Roypasa, Pavestone, Doureca-Dourdin, Valver, Marsan Transformaciones, Rodman Lusitania, Ganain Lusitania, Industrias Trimar, Granitos Urbanos, Mecanizados Rodriguez, Megasa, Vanguard Marine, Poligal, Portugal, Pralisa-Marfrío, Galaica-Portuguesa de Granitos, Cupa Pedras-Cupa Stone.

De forma especial, cómpre sinalar os efectos sobre a industria da automoción e as súas auxiliares, nomedadamente proveedoras de PSA. Entre estas empresas podemos citar: Borgwarner, Serilusa, Valver, Safe Bag, Safe Life, Grupo Antonlín, Cablerías Manufacturing, Dalphimetal, Gestamp, CIE Automotive, etc.

Esta situación impacta na nosa economía en múltiples aspectos: peso dos diferentes sectores de traballo, renda, desemprego, etc. Recentemente o Consello Económico e Social publicaba o seu informe anual respecto de 2018 e apuntaba o

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:52
Nº Rexistro: 57319
Data envio: 09/10/2019 17:28:52.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguinte: "cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,7% das persoas ocupadas fronte ao 61,4% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case once puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,2% e o 17,4%, respectivamente."

Resulta alarmante que dentro da mesma eurorrexión e compartindo problemas estruturais semellantes haxa indicadores importantes nos que Portugal avanza e Galiza retrocede.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a mala evolución de Galiza respecto da industria e outros aspectos económicos en comparación con realidades veciñas como a portuguesa?

Porque diverxe Galiza dentro da Eurorrexión?

Considera o goberno galego que ten tido algún tipo de resultado a súa política económica e industrial para frear as deslocalizacións a Portugal?

Como valora a evolución da industria galega fronte á evolución do norte de Portugal?

Que estratexias segue para evitar a deslocalización de empresas a Portugal? E particularmente no sector da automoción? E no téxtil?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:52
Nº Rexistro: 57319
Data envio: 09/10/2019 17:28:52.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten avaliado o goberno galego porque o sur de Galiza decrece, particularmente o interior, e o norte de Portugal avanza?

Como avalía a evolución da fenda entre as comarcas da franxa atlántica e as do interior do sur de Lugo e de Ourense?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 17:26:39

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 17:26:47

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 17:26:52

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:52
Nº Rexistro: 57319
Data envio: 09/10/2019 17:28:52.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 17:27:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 17:27:07

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 17:27:15

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:15:56
Nº Rexistro: 57333
Data envio: 09/10/2019 18:15:56.178

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En Galicia, a Consellería de Sanidade, debería dirixir o Sistema Público de Saúde de Galicia garantindo o dereito a que os cidadáns obtiveramos unha atención satisfactoria, mediante os profesionais e cunha organización eficiente. Aínda que o Presidente da Xunta de Galicia, asegure que en Galicia, nunca houbo tantos medios en materia de saúde como na actualidade, o certo é que o déficit de pediatras e de médicos en urxencias estase a manifestar no Centro de Atención Primaria de Fene e de Maniños como un grave problema (outro máis) da sanidade en Galicia.

Unha das necesidades máis prioritaria no concello de Fene, no que ao estado de benestar se refire, e a asistencia sanitaria, non obstante, a situación actual no noso concello é deficitaria e ademais amosa importantes carencias asistenciais. Desde hai uns meses, e frecuente a ausencia de especialistas en ambos centros. Ausencia de especialistas que provocan desatención na veciñanza de Fene.

A falta destes profesionais, fai que os veciños e veciñas de Fene nos fagan chegar as súas protestas en relación co cadro de persoal adscrito a estes dous centros, xa que é escaso, e cando se producen baixas, vacacións ou xubilacións, os usuarios quedan desamparados e non se cobren as prazas.

Evidenciase, unha clara desidia de funcións por parte da Consellería de Sanidade, a pesar das reiteradas peticións de solucións deste tema por parte dos diferentes grupos políticos. Situacións como a falta de médicos de atención primaria, e de pediatras, así como médicos de urxencias, fan que o servizo sexa deficiente, e que se produzan demoras nas citas para as consultas (entre 3 e 5 días), e provoca unha permanente sobrecarga asistencial nos profesionais que están traballando nunhas condicións pésimas e aínda así fan grandes esforzos para atender os veciños e veciñas de Fene.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:15:56
Nº Rexistro: 57333
Data envio: 09/10/2019 18:15:56.178

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Neste sentido, nos tempos nos que estamos, onde a poboación cada vez é máis exixente coa prestación sanitaria que recibe, entende que ademais do esforzo en recursos destinados á Atención Primaria, consideramos fundamental acercar á poboación, determinadas especialidades médicas, que presten asistencia sanitaria especializada no ámbito da atención primaria, pediatría e urxencias no concello de Fene.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que opina o Goberno galego sobre a situación dos centros de atención primaria de Fene e Maniños?

2ª) Parécelle suficiente ao Goberno galego o número de profesionais que atenden nos centros de Atención Primaria de Fene e Maniños?

3ª) Segundo o Goberno, é suficiente a atención pediátrica prestada no centro de Atención Primaria de Fene?

4ª) Ten previsto a Xunta de Galicia afrontar as baixas e vacacións dos facultativos nos centros de Atención Primaria de Fene e Maniños coas substitucións necesarias para garantir a calidade asistencial?

5ª) Realizouse desde o Goberno local de Fene algunha xestión ante a Consellería de Sanidade para resolver o problema no sentido de demandar as substitucións necesarias de profesionais nos centros de Atención Primaria de Fene e Maniños? Cando? Que resultado deron esas xestións?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/10/2019 18:13:55

Julio Torrado Quintela na data 09/10/2019 18:14:11

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:15:56
Nº Rexistro: 57333
Data envio: 09/10/2019 18:15:56.178

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSG PSOE

Noela Blanco Rodríguez na data 09/10/2019 18:14:26

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:37:41
Nº Rexistro: 57363
Data envio: 10/10/2019 16:37:41.799

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta escrita**,** relativa ao uso do software libre nos centros de ensino.

A Xunta de Galicia non tardou nin sequera un ano en desbotar os compromisos que adquirira no seu Plan de acción software libre 2018, como demostra o seu recente acordo de colaboración con Microsoft. No citado documento, Amtega aseguraba que ía manter "a súa aposta polo uso do Software Libre (...) investindo no seu fomento como recurso para mellorar a eficacia acadada na administración" e sinalaba que os seus "eixes principais de actuación" ían ser "a administración pública, o tecido empresarial e a cidadanía". Porén, o convenio asinado polo Goberno galego e Microsoft para implantar a plataforma "Office 365" nos centros educativos o próximo curso comprometen moi seriamente estas liñas de actuación.

No que atinxe ao fomento do software libre no sistema educativo non universitario, Amtega afirmaba no Plan de acción que continuaría "a reforzar a capacitación do profesorado tanto no uso de ferramentas libres para a docencia como impulsando o seu papel na produción dixital de contidos e materiais curriculares, mediante o uso de ferramentas de software libre, que poderán ser compartidos por toda a comunidade educativa". Engadía, así mesmo, que "o proxecto Abalar continuará a achegar o software libre ao alumnado dos centros

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:37:41
Nº Rexistro: 57363
Data envio: 10/10/2019 16:37:41.799

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

educativos públicos". Con estes obxectivos sobre a mesas, non se entende con que obxecto o Goberno galego decidiu contratar os servizos de Microsoft para implantar o seu software privativo nas escolas.

A Administración galega saíu ao paso das críticas afirmando que a estratexia de fomento do software libre non se ía ver afectada polo acordo coa multinacional americana e que o software privativo ía implantarse gratuitamente. Non obstante, tal e como sinala a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol), o Goberno galego vén de adxudicar 13,5 millóns de euros para a compra de licenzas de código pechado a Microsoft, polo que é sensato supoñer que as súas estratexias e as da Xunta de Galicia están coordinadas para promover o seu mutuo beneficio.

O acordo entre a Xunta de Galicia e Microsoft espertou unha comprensible preocupación no conxunto das empresas galegas do software libre, que entenden que a decisión do executivo aumentará a dependencia tecnolóxica dos futuros profesionais e diminuirá a súa capacidade de adaptación ás ferramentas do mercado. O sector empresarial alertou tamén de que a medida xerará "un efecto contaxio nas empresas TIC galegas".

A decisión do Goberno galego de reforzar é un erro por varias razóns. O software libre:

- É máis barato, porque aínda que se pague o soporte, non se compra ninguna licencia.
- Supón menos dependencia con respecto ao provedor.
- É máis transparente.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:37:41
Nº Rexistro: 57363
Data envio: 10/10/2019 16:37:41.799

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Permite que os usuarios externos detecten erros e propoñan solucións.
- Fai fronte aos monopolios das empresas de software propietario.
- Evita portas traseiras e vulnerabilidades que poñan en risco os datos dos usuarios da Administración e do conxunto da cidadanía.

É por todo isto que outros gobernos autonómicos xa están apoiando, de maneira decidida, o uso do software libre. É o caso da Junta de Extremadura, da Junta de Andalucía, do Goberno do País Vasco e da Generalitat de Catalunya, entre outras administracións.

Co obxecto de que o Goberno galego reconsidere o seu acordo con Microsoft, as asociacións galegas a prol do software libre lanzaron un manifesto, que foi asinado por Aberteo, AGASOL, a Asociación Informática Amigus, Bricolabs, a Comunidade o Zulo, Ghandalf, GPUL, Nova Escola Galega, Proxecto Trasno, Recuncho Maker e Xeopesca. O manifesto insta á Xunta de Galicia a "desbotar o acordo asinado con Microsoft ao ser prexudicial para a sociedade galega". Ademais, convida "á Consellería de Educación e á AMTEGA a ter cantas reunións sexan necesarias para afortalar a implantación de tecnoloxías libres".

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Para que tarefas escolares vai ser empregado o software privativo de Microsoft adquirido pola Xunta de Galicia?
- O Goberno vai fomentar que o alumnado recorra ao software libre en tódalas circunstancias que sexa posible?
- Como?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 16:37:41
Nº Rexistro: 57363
Data envio: 10/10/2019 16:37:41.799

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Vai o Goberno galego atender as demandas das empresas e asociacións galegas que defenden o software?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 16:22:03

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 16:22:17

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:01:55
Nº Rexistro: 57374
Data envio: 10/10/2019 17:01:55.320

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia establece no seu artigo 26.c, *sobre as competencias da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma a elaboración, aprobación e execución de proxectos de obras de competencia das entidades locais, cando estas lle teñan delegado tal competencia*.

Como a propia entidade Augas de Galicia recoñece, unha das colaboracións máis importantes é o apoio á planificación, execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas de abastecemento, saneamento e depuración, xa que supón unha importante axuda ao desenvolvemento das competencias municipais sobre a prestación dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración por parte dos concellos, que en moitos casos necesitan de cuantiosos investimentos dificilmente abordables polas tesourarías municipais.

Para a realización de todas estas actividades, Augas de Galicia dispón dun departamento de obras que se encarga da redacción de planificación e proxectos hidráulicos e da súa execución.

Desde este grupo parlamentario, tense denunciado que os investimentos levados a cabo por Augas de Galicia teñen un alto grado de opacidade no relativo á súa decisión, pudendo mencionarse que en moitas ocasións as obras de abastecemento e saneamento de augas se realizan a través de convenios ou acordos con diversos concellos, sen que se coñeza a que criterios obedece tal elección.

Resulta tamén unha evidencia que non existe unha planificación coñecida para valorar os criterios prioritarios de actuación e que puidese servir de referencia para algún tipo de control, o que en moitas ocasións as actuacións parecen obedecer a meros intereses de oportunidade e conveniencia política.

Pero se todo o anterior non fose suficientemente preocupante, os datos de execución do capítulo VI de Augas de Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2018, son extraordinariamente preocupantes xa que amosan un desleixo pola necesaria construción e modernización de todas as infraestruturas hidráulicas da nosa comunidade autónoma.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:01:55
Nº Rexistro: 57374
Data envio: 10/10/2019 17:01:55.320

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Estes datos de execución son os seguintes:

Cap. VI	Iniciais	Definitivos	Obrigas	Obrig - Inic.	%
2018	53.885.187	53.700.916	21.450.495	- 32.434.692	- 60,19%
2017	53.397.737	48.935.846	14.349.049	- 39.048.688	- 73,13%
2016	53.397.737	56.604.615	13.114.976	- 40.282.761	- 75,44%
Suma	160.680.661	159.241.377	48.914.520	- 111.766.141	- 69,56%

Dedúcese pois unha xestión nefasta ao respecto, xa que dispoñía para estes anos (2016, 2017 e 2018) dunha partida inicial de 161 millóns de euros para realizar investimentos, dos cales se executaron unicamente obras por importe de 50 millóns de euros, polo que se deixaron de executar investimentos por contía superior aos 111 millóns de euros.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Existe algunha planificación a curto e medio prazo das obras hidráulicas relacionadas co ciclo da auga por parte de Augas de Galicia?

2ª) Se a resposta a anterior pregunta é positiva, con que criterios se levou a cabo esa planificación? Noutro caso, porque non existe esa planificación?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que o capítulo VI dos orzamentos de Augas de Galicia está sobredotado?

4ª) Que valoración fai de que a execución orzamentaria do capítulo VI dos anos 2016, 2017 e 2018 por parte de Augas de Galicia fose do 30,44 %?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/10/2019 16:57:43

María Luisa Pierres López na data 10/10/2019 16:57:53

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:01:55
Nº Rexistro: 57374
Data envio: 10/10/2019 17:01:55.320

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 10/10/2019 16:58:10

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:07:32
Nº Rexistro: 57379
Data envio: 10/10/2019 17:07:32.494

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** relativa á *situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia.*

O mércores 8 de outubro o Observatorio da cultural Galega presentou o informe A situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia, realizado polo Consello da Cultura Galega coa participación da AAAG, AGA, AGAG e a Mostra Internacional de Teatro Cómico-Festivo de Cangas. Remata así un proceso de dous anos no que se dá resposta á petición do sector para abordar en clave galega a situación do mundo laboral atendendo ás cuestións de xénero.

As citadas asociacións impulsaron o estudo en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade que, xunto a Consellería de Cultura, asinou en novembro de 2017 un convenio de colaboración co Consello da Cultura Galega para levar acabo un estudo que, hoxe, xa é unha realidade. O informe ven poñer en evidencia as desigualdades e discriminación existentes no sector partindo da importancia do sector cultural no emprego, que medrou dun xeito moi importante nos últimos anos chegando a supoñer 3,5% do total do emprego.

Entre as cifras que cómpre salientar, a presenza das mulleres que traballan nas actividades laborais que representan o sector audiovisual e das artes escénicas é minoritaria con relación a dos homes ao chegar ao 42% fronte ao 58%.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:07:32
Nº Rexistro: 57379
Data envio: 10/10/2019 17:07:32.494

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

No que se refire á relación de emprego e idades, destaca que a media de idade das persoas profesionais no sector atópase nos 37 anos. Porén, o maior número de persoas afiliadas no sector teñen entre 20 e 40 anos: en concreto o 60%.

Diferencias importantes, tamén, no plano da cotización. "No audiovisual as mulleres traballan máis tempo cando son novas, até 35 anos de idade, mentres que os homes traballan durante máis tempo a partir desa idade". Ademais, "nas mulleres obsérvase que a partir dos 55 anos teñen máis dificultades de acceso ao traballo." Mentres nas artes escénicas, as mulleres de 45 a 55 anos teñen máis tempo traballado que os homes, a partir dos 55 anos os homes acumulan unha media de horas superior.

A relación entre ter menos idade e unha maior posibilidade de afiliación é superior nas mulleres que nos homes. O 71,8% das mulleres afiliadas en 2016 tiñan entre 20 e 40 anos, mentres que nos homes esta porcentaxe reducíase ao 53%. Agora ben, obsérvase que a maioría das mulleres afiliadas tiñan 45 anos ou menos (60,4%), mentres que só un 15% superaban os 45 anos. No caso dos homes, os menores de 35 anos ou menos so un 36% do total e un 30% teñen máis de 45 anos.

Especialmente preocupantes, tamén, os datos relacionados coa precariedade laboral. No audiovisual e as artes escénicas, malia coincidir en contratos temporais e altas esporádicas, os homes traballan e períodos máis prolongados, mentres que entre as mulleres é habitual períodos curtos. O informe indica que "no sexo masculino destaca un 21% con máis de dez anos de traballo no sector, fronte a 11% de mulleres" polo que "os homes acumulan máis tempo traballado". Por outra banda hai que sinalar a fenda salarial, tamén no sector cultural se

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:07:32
Nº Rexistro: 57379
Data envio: 10/10/2019 17:07:32.494

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

percibe que os ingresos das mulleres son inferiores, ademais de que as mulleres "non só acceden a un menor número de papeis, senón que estes son máis curtos e estereotipados e tamén de menor categoría".

Compartimos a visión verquida pola RGT na que se constata que nos atopamos nunha tendencia social que aposta por transitar por un camiño de igualdade que, malia tropezar con constantes atrancos, consideramos xa imparable.

O sector escénico e audiovisual contan cunha grande responsabilidade , na medida en que o traballo artístico achega á cidadanía unha vía fundamental para a construción de discursos, de imaxinarios colectivos e de sensibilización social.

Cómpre, asemade analizar en profundidade a liña do traballo, mais tamén as relacións laborais e de poder que se establecen, como en calquera outro ámbito laboral, no sector.

A reflexión, porén, debe ser tamén interna e externa, xa que o citado informe desvela que se teñen detectado casos de acoso laboral sexual no sector, malia que se percibe un cambio de actitude. É importante que existan ferramentas, protocolos e códigos de boas prácticas tanto na contratación pública como na de empresas acollidas ás axudas á produción e/ou distribución.

Na presentación do informe participaron Rosario Álvarez, presidenta do CCG; a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella; o director xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo; Håkan Casares, responsable do observatorio da Cultura Galega; e Dolores Vilavedra, secretaria do CCG. Ademais, estaban presentes o director da Agadic, Jacobo Sutil, así como representantes da AAAG, Eva Fórneas e Laura Miguez; da Academia Galega do Audiovisual, Saamira Ganay e Marisela Lens; de Escena Galega Ruth Balbís, e María Armesto e Casilda Alfaro, da

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:07:32
Nº Rexistro: 57379
Data envio: 10/10/2019 17:07:32.494

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Mostra de Cangas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas:

- Como valoran este informe?
- Van reunirse coas asociacións e grupos do sector que participaron na súa elaboración para facer unha análise conxunta?
- Van cumprir os seus compromiso de desenvolver medidas concretas para paliar as discriminacións e desigualdades que vive este sector e reflectidas con datos no documento?
- Que medidas pensan implementar para igualar a situación laboral das traballadoras?
- En que prazos van desenvolver as medidas?
- Teñen previsto implementar algún plan avaliable?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:07:32
Nº Rexistro: 57379
Data envio: 10/10/2019 17:07:32.494

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 16:53:13

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 16:53:22

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:21:40
Nº Rexistro: 57387
Data envio: 10/10/2019 17:21:40.998

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre o convenio asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a elaboración dunha obra compilatoria da Domus Iacobi

Como denunciamos no seu momento, en xuño de 2018 a Axencia de Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, asinaron un convenio para, segundo o propio convenio

"O obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago para a elaboración dunha obra compilatoria que axude a unha comprensión integral da Domus Iacobi: explique a complexidade e excelencia do proceso construtivo do conxunto catedralicio, das circunstancias e evolución da súa materialidade física ao longo dos séculos, e da relación material e inmaterial entre o templo, cidade e o Camiño de Santiago, completada cun rigoroso diálogo interdisciplinar entre historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos e restauradores, e enriquecida cunha reflexión compartida con outras disciplinas humanísticas e teolóxica"

Convenio, que implicou que a Axencia de Turismo financiara o custo íntegro da obra, 210.000 euros, que comparados coa contía anual da Consellería de Cultura dirixido á dotar ás bibliotecas, arquivos e museos de novidades editoriais en galego, de só 200.000 euros, avergoña a calquera.

Segundo o propio convenio, nestas datas deberían estar finalizados as dúas primeiras fases da elaboración do primeiro tomo, os estudos dos participantes e

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:21:40
Nº Rexistro: 57387
Data envio: 10/10/2019 17:21:40.998

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

varios seminarios que se prevían para xaneiro-abril de 2019, así como a primeira fase do segundo.

Polo anterior, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas:

1.ª) Por que a Consellería de Cultura e Turismo aceptou sufragar unha obra de tal contía económica?

2.ª) Quen son os expertos e expertas que participan na obra e baixo que criterios foron escollidos?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:17:36

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:51:13
Nº Rexistro: 57394
Data envio: 10/10/2019 17:51:13.454

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Julia Torregosa Sañudo deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita,** relativa ao catering dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda).

Dende O Grupo Común da Esquerda entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

O modelo privatizador do Partido Popular con respecto aos comedores escolares, alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional), afecta especialmente aos nenos e nenas que lonxe de recibir unha alimentación saudable padecen os efectos da externalización: exceso de precociñados e fritidos de nulo valor nutricional, comida fría, ás veces semiconxelada, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, expresións dalgún alumno do Instituto de Entrimo que din que "os porcos comen

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:51:13
Nº Rexistro: 57394
Data envio: 10/10/2019 17:51:13.454

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

mellor que eles", son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Os pais e nais dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda), non son un caso illado. Eles detectan unha serie de irregularidades que poñen en dúbida a calidade dos menús escolares. No Ferro Couselo e o San Mamede, sérvenlles a comida en recipientes de plástico que rompe con facilidade

Aínda que o curso xa comezou cren que non debera renovarse o contrato coa empresa adxudicataria Sala Gradín por entender que vulnera criterios de calidade. Os pais e nais quéixanse de que os nenos e nenas non comen nin se alimentan.

A empresa adxudicataria debe proporcionar aos centros o material necesario para quentar, rexenerar ou refrigerar os pratos se é necesario:

A empresa que concursa, deberá presentar na súa solicitude unha declaración responsable conforme, no caso de ser a adxudicataria, se compromete a poñer a disposición do centro todos os materiais requiridos para o idóneo servizo de quecemento, rexeneración ou refrixeración de menús.

Parece ser que o grande negocio do catering a empresas privadas ten consecuencias que aínda nin podemos medir. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ao noso entender, debera ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende o Grupo Común da Esquerda, defendemos a gratuidade total do ensino

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:51:13
Nº Rexistro: 57394
Data envio: 10/10/2019 17:51:13.454

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debera centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.

Polo exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas:

1. Que criterios avaliables empregaron para a adxudicación do catering á empresa Sala Gradín aos IES Julio Prieto Nespereira, Ferro Couselo e San Mamede?
2. Fíxose algunha avaliación ao catering destes IES? Se a resposta é afirmativa: que conclusións houbo?
3. É consciente a Xunta de Galicia da deficiencia nutricional deste servizo de catering escolar?
4. Conta con algún experto/a nutricional que avalíe e autorice os menús escolares?
5. Como é posible que a empresa Sala Gradín se dirixa aos centros para confirmar que van ser os encargados da xestión do comedor escolar antes de que fose adxudicado este servizo?

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:51:13
Nº Rexistro: 57394
Data envio: 10/10/2019 17:51:13.454

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

6. Con que mecanismo conta a Consellería para detectar os caterings que non cumpren cun menú equilibrado e nutritivo?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Julia Torregrosa Sañudo
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 17:45:31

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 17:45:41

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:45:52

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:15:02
Nº Rexistro: 57413
Data envio: 10/10/2019 18:15:02.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a lista de agarda no servizo de fisioterapia da unidade de atención temperá do HULA.

Entre a última semana de setembro e comezos de outubro 16 crianzas que estaban a ser atendidas na Unidade de Atención Temperá do HULA foron dadas de alta ou viron reducidas o número de sesións en fisioterapia, como denunciaron publicamente, a través de diversas queixas administrativas e en xuntanza co grupo parlamentar do BNG, as propias familias afectadas.

Entre os argumentos para xustificar algunhas das altas, e como puido comprobar o Bloque Nacionalista Galego de primeira man, o informe que se lle entregou ás nais especifica que no servizo de fisioterapia existen crianzas menores dun ano que precisan ser incorporadas ao sistema polo que aqueloutras que levan xa tempo deben deixar paso.

Literalmente o informe recolle “tendo en conta que se atopa estabilizado motoricamente desde hai máis dun ano e que temos varios casos urxentes no servizo de nenos menores dun ano que deben iniciar fisioterapia sen máis demora para non prexudicar a súa evolución, decidimos na xuntanza de equipo, que non podemos manter as sesións de fisioterapia en nenos cuxa evolución clínica non amosa mudanzas malia o

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

181528

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:15:02
Nº Rexistro: 57413
Data envio: 10/10/2019 18:15:02.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento, cando menos até que non se contrate outro fisioterapeuta, polo tanto é alta de fisioterapia polo momento".

O que está a acontecer no servizo de fisioterapia da Unidade de Atención Temperá do HULA pon de manifesto dúas cuestións que para o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego son absolutamente inadmisíbeis:

1- Que o servizo non conta co persoal suficiente para atender as necesidades das nenas e nenos de atención temperá.

2- Que a falta de persoal está a provocar listaxes de agarda así como demoras e recortes nos tratamentos e mesmo a expulsar pacientes do servizo negándolles, de facto, un dereito que a lexislación garante desde o nacemento até os 6 anos.

O servizo de fisioterapia da unidade de atención temperá do HULA é o único co que actualmente contan as familias das comarcas de Lugo, Sarria e Lemos toda vez que, malia se ter comprometido, o SERGAS non ten dotado dos recursos materiais necesarios o Hospital de Monforte para iniciar as sesións de fisioterapia no sur da provincia.

Así mesmo, a unidade apenas conta cunha neuropediatra pois a segunda praza non foi substituída cando a persoa titular colleu unha baixa. Este feito provoca que algunhas das crianzas, de catro anos, leven até dous anos sen consulta desta especialista e outras agardan por probas diagnósticas para poder ser dadas de alta na unidade.

Como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, a escaseza de medios materiais e humanos na rede galega de atención temperá está a prexudicar a nenas e nenos con graves trastornos no desenvolvemento, altamente dependentes, que teñen dereito –e

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:15:02
Nº Rexistro: 57413
Data envio: 10/10/2019 18:15:02.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

queremos subliñar moito isto-- teñen dereito a unha atención temperá integral, pública e de calidade.

A limitación de recursos públicos está a obrigar as familias a ter que paliar esa carencia a través de sesións privadas, co elevadísimo custe que iso supón para moitas delas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a situación na que se atopa a Rede galega de atención temperá?

- E a situación concreta da provincia de Lugo, especialmente na unidade do HULA?

- Cantas crianzas están en lista de agarda no servizo de fisioterapia da unidade do HULA?

- Cre a Xunta de Galiza que se están a respectar e garantir os dereitos sanitarios das crianzas que están a ser dadas de alta ou ven reducidas as súas sesións pola falta de persoal?

- Vai adoptar algunha medida ao respecto o Goberno galego?

- De ser así, cando?

- E en relación á praza de neuropedriatría?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:15:02
Nº Rexistro: 57413
Data envio: 10/10/2019 18:15:02.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2019 18:10:51

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2019 18:10:58

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2019 18:11:04

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2019 18:11:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2019 18:11:18

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2019 18:11:27

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG01ns01sRS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/